EMPRÉGATE

Produción: Editorial Gárgola, s.l.
Depósito Legal:
Imprime:

Índice

1. Buscar emprego.....5
1.1. Análise da situación
1.2. Pasos que hai que seguir na busca de emprego

2. Autoanálise.....11
2.1. Autocoñecemento

3. Organización do proxecto persoal.....25
3.1. Definir o proxecto profesional
3.2. O obxectivo profesional
3.3. Pasos para a realización do proxecto profesional

4. Como darse a coñecer.....33
4.1. A carta de presentación
4.2. O currículo
4.3. Exemplos de cartas de presentación e currículos

5. Como buscar emprego.....51
5.1. Recursos para atopar emprego

6. Os procesos de selección.....69
6.1. A entrevista de traballo
6.2. Dinámicas de grupo
6.3. Tests de selección de persoal

7.Viveiros de emprego.....85
7.1. O emprego nas Novas Tecnoloxías
7.2. O emprego e a Lei de Dependencia
7.3. O emprego e as Enerxías Renovables

1. BUSCAR EMPREGO

Todas as persoas nalgún momento da súa vida atópanse coa necesidade de buscar emprego, e cada individuo segundo a súa situación persoal, actúa, sente e pensa de xeito distinto á hora de conseguir un traballo.

Unha cousa é estar desempregado e outra moi distinta é sentirse un parado. Hai que evitar caer no vitimismo do que non controla a situación, do que cre que todo o que pode facer será inútil. Aínda que esteamos no paro, temos que movernos, xa que só é un período de transición. É algo temporal, podemos actuar para cambiar a situación e os nosos esforzos terán o resultado desexado se non caemos no pesimismo e cremos en nós mesmos.

Estar desempregado é, sen dúbida, unha das situacións que maior ansiedade e malestar nos pode causar. Non ter traballo exclúenos, en

maior ou menor grao, do mundo produtivo e de consumo, e diminúe as posibilidades de satisfacer as nosas necesidades sociais. É unha forma de exclusión social.

Temos que ter en conta que se producen continuos cambios no mercado do traballo. Algúns destes son:

- Incremento da poboación activa, é dicir, do número de persoas coa idade legal mínima para traballar. A muller, por exemplo, atópase cada vez en máis sectores de traballo.

- Aparición de avances tecnolóxicos que crearon novas profesións e novas formas de organizar o traballo. Os demandantes de emprego débense adaptar a estes cambios.

- Internacionalización dos mercados, o que supón unha economía máis aberta, cun maior movemento de traballadores e de capital.

Todos eles orixinaron un emprego diferente ao de xeracións anteriores, agora xa non falamos da sociedade industrial, senón da sociedade da información e, polo tanto, dunha nova forma de entender o traballo, que lle esixe novas capacidades ao traballador: flexibilidade e polivalencia, formación continua, adaptación aos cambios, traballar en equipo, etc.

1.1. ANÁLISE DA SITUACIÓN

A análise da situación é moi importante á hora de nos facer unha idea de cal é a nosa posición cando procuramos un emprego.

Hai varias causas polas que unha persoa busca emprego:

- Porque non está a gusto no seu emprego actual e prefire buscar outro que a satisfaga máis.

- Porque acaba de rematar os estudos e quere iniciar a súa carreira profesional.

- Porque está estudando e quere gañar algo de diñeiro (traballo temporal).

- Porque está en paro e quere traballar.

- Porque busca novos ámbitos nos que se desenvolver como persoa.

A sociedade actual é moi cambiante, o que hai uns anos era válido agora pode non selo, as cousas non son iguais cando buscamos o noso primeiro traballo que cando o facemos por terceira vez. As necesidades das empresas vanse modificando, os contratos laborais son diferentes, as formas de acceso vanse adaptando ás necesidades da oferta e a demanda, os dereitos dos traballadores varían...

Polo tanto, temos que ter moi en conta que ademais de facer unha boa avaliación da situación, hai que actualizala cada certo tempo.

A persoa que mellor se adapta é a que percibe axeitadamente o que a rodea, para así actuar en consecuencia e beneficiarse ao máximo de cada situación.

Dúas persoas poden ter unha formación e unha experiencia laboral parecida e ter distintos resultados cando se enfrontan á busca dun emprego. Isto débese a que hai outros moitos factores que inflúen na consecución dun traballo.

1.2. PASOS QUE HAI QUE SEGUIR NA BUSCA DE EMPREGO

Basicamente son tres os pasos máis importantes que hai que seguir se queremos que a nosa procura sexa o máis efectiva posible:

- Autoanálise: temos que coñecernos a nós mesmos, analizar con que podemos contribuír ao mercado laboral e deseñar un plan de márketing para "vendernos" ás empresas. Que lle podo dar actualmente ao mercado de traballo? Cales son as miñas preferencias?

- Estudo do mercado laboral: hai que coñecer que profesionais demandan as empresas, e se estamos moi interesados en exercer unha profesión determinada, que empresas demandan ese perfil. Que demanda o mercado de traballo? Onde e como consigo esa información?

- Elaboración do proxecto profesional: unha vez que coñecemos o que piden e sabemos o que nós podemos ofrecer, temos que decidir o tipo de postos aos que imos optar, e elaborar un plan para acceder a estes. Cal será o meu obxectivo profesional? Que pasos darei para acadalo?

2. AUTOANÁLISE

2.1. AUTOCOÑECEMENTO

O obxectivo de comezar a busca de emprego dedicando un tempo a reflexionar sobre nós mesmos, ten como finalidade saber cales son os nosos puntos fortes e débiles, de cara a enfrontarnos á competencia que temos á hora de conseguir un traballo.

A túa contribución ao mercado laboral radica na túa forma de ser, nos teus coñecementos, nas túas habilidades, nas túas condicións socioeconómicas, nas túas preferencias laborais..., é dicir, en todas aquelas condutas e condicións que teñen importancia para a busca e desempeño dun posto de traballo. Analizaremos estas variables con máis detalle:

A personalidade

Cando falamos de personalidade, referímonos ao conxunto de formas relativamente consistentes que temos de comportarnos nas distintas situacións da vida.

Á hora de avaliarnos é moi importante que sexamos sinceros; todas as formas de ser teñen vantaxes e inconvenientes, por iso o coñecemento real que teñamos delas axudaranos a melloralas ou incluso eliminalas. Se che resulta difícil dar respostas sobre ti mesmo, pódeche axudar pensar en situacións concretas da túa vida, analizalas e sacar conclusións.

Os trazos que se terán en conta á hora de atopar un emprego son:

Autoestima

É o valor que nos damos a nós mesmos, aos sentimentos de aceptación que temos cara a nós. Esta valoración parte da imaxe que nos fixemos de como somos. A baixa autoestima levará á inactividade, xa que acostuma a ir acompañada de expectativas de fracaso. Polo contrario, as persoas cun autoconcepto positivo responderán mellor aos novos retos.

Moi relacionada coa autoestima está a autoeficacia. Trátase da valoración que facemos das competencias que temos e como as utilizamos á hora de realizar unha tarefa. Unha percepción positiva axúdanos a facer mellor o que nos propoñemos.

Autocontrol/dominio dun mesmo

Outra característica valorada no mundo laboral é a capacidade de dominar os impulsos, e de saber esperar os resultados positivos das nosas accións, que non chegan de forma inmediata. Esta calidade cobra especial importancia na procura dun emprego: poucas veces a nosa busca obtén bos resultados nada máis comezar!

Perseveranza

É a capacidade de persistir ata lograr o obxectivo marcado, pese ás posibles dificultades que poidan xurdir.

Ansiedade

A ansiedade na xusta medida non é mala, un grao medio en situacións nas que se nos esixe unha resposta laboral eficaz mobilizará todos os nosos recursos; se é excesiva probablemente cometeremos erros, e se é nula seguramente realizaremos un traballo de peor calidade.

Hai outras variables da personalidade que tamén se terán en conta nos procesos selectivos. Estas fan referencia á nosa forma de relacionarnos cos demais. Falamos de habilidades sociais. As condutas socialmente habilidosas lévannos a expresar os nosos desexos e opinións de forma adecuada á situación, recoñecendo e respectando á vez esas condutas nos demais, de forma que se minimizan as posibilidades de que xurdan problemas.

Unha das características do emprego é a necesidade cada vez maior de traballar en equipo. As empresas demandarán candidatos capaces de relacionarse cos demais de forma efectiva. As capacidades máis valoradas serán:

- Liderado, capacidade de motivar e dirixir grupos de persoas;

- Capacidade de comunicar;

- Resolución de conflitos;

- Negociación;

- Traballar, cooperar e colaborar en equipo.

As circunstancias persoais

Todas as decisións que tomamos na nosa vida non se deben unicamente aos nosos intereses, estamos condicionados polo noso contorno. Antes de enfrontarnos á busca dun emprego debemos facer unha análise profunda daqueles elementos que condicionan as nosas eleccións profesionais. Se chegamos á conclusión de que algunha variable está impedíndonos alcanzar algún obxectivo importante, pensaremos que medidas poderíamos tomar para paliar a dita influencia. Esta reflexión axudaranos a marcar unhas metas máis reais.

Condicionantes económicos: pódome permitir cambiar de residencia? Podo comer todos os días fóra da casa? Será suficiente ese soldo? Será moi estable ese contrato?

- Economía familiar: debo axudar economicamente a miña familia? A miña familia pódeme custear a formación que preciso?

- Situación xeográfica do emprego: se vives nunha zona afastada do contorno laboral, tes que pensar ata que punto te podes custear un cambio de residencia, a manutención, o transporte...

- Remuneración e expectativas de futuro: a profesión que nos interesa ou para a que estamos máis cualificados non sempre é a que máis beneficios económicos ou estabilidade nos pode dar.

Condicionantes educativos:

- Opinións dos nosos profesores.

- Condicionantes para acceder a determinadas profesións (probas de acceso, nota de selectividade...).

Condicionantes familiares:

- Profesións desempeñadas polos membros da túa familia.

- Presións familiares para tomar unha ou outra decisión laboral.

Condicionantes sociais:

- Opinión dos amigos, da parella: sen dúbida a xente que está preto de nós inflúe nas nosas decisións.

- Perspectivas do noso contorno: a procedencia dun barrio con elevadas taxas de paro, por exemplo, condicionará moi probablemente as nosas ilusións e as nosas expectativas laborais.

- Profesións do noso contorno: está influíndo na túa decisión o feito de crecer rodeado de determinadas profesións?

Condicionantes persoais: enfermidades, minusvalías, capacidades físicas...

As competencias profesionais

A competencia profesional engloba o conxunto de coñecementos requiridos para o exercicio da actividade profesional, así como os comportamentos necesarios para o pleno desempeño da ocupación. É dicir, non só sabelo, senón demostralo.

Unha competencia profesional engloba:

Coñecementos: adquiridos tanto na educación regrada como a través de cursos e de lecturas por iniciativa propia.

Habilidades ou destrezas, que fan referencia a todas as cousas que sabemos facer: empaquetar, manexar un programa de ordenador, pintar...

Actitudes: valores, normas, sentimentos. Son o compoñente emocional do noso comportamento. Unha tarefa profesional podémola realizar tecnicamente de forma similar, pero baixo actitudes moi diferentes. A diferenza pode radicar no grao de responsabilidade con que se desempeña a tarefa, o nivel de colaboración, de espírito de superación, de autonomía, etc. As empresas cada vez valoran máis o compoñente emocional do traballo.

Para te enfrontar á procura de emprego debes reflexionar sobre cales son as túas competencias profesionais. Aínda que non teñas experiencia, sen dúbida algunha, no teu repertorio hai competencias profesionais que adquiriches noutros contextos: prácticas non remuneradas, tarefas de voluntariado, axuda no negocio familiar...

Fai unha listaxe das túas actividades profesionais e non profesionais, e apunta as competencias que adquiriches. Esta reflexión permitirache defender con moita máis soltura o teu currículo nunha entrevista de selección de persoal.

3. ORGANIZACIÓN DO PROXECTO PERSOAL

3.1. DEFINIR O PROXECTO PROFESIONAL

Se sabemos o que queremos, aumentamos as posibilidades de conseguilo. Moitas veces as persoas non atopan emprego porque non teñen un obxectivo profesional claro, non saben por onde empezar, nin que información necesitan. Unha vez que dedicamos tempo a coñecernos e a coñecer a situación do mercado de traballo, temos que escoller profesións do noso interese e acordes ás nosas necesidades e valores. Cada obxectivo profesional ten que ir acompañado dos pasos que hai que seguir para alcanzalo.

A elección de obxectivos profesionais tomámola en función dos nosos intereses e do valor que lle damos ao traballo. A continuación presentamos unha serie de ferramentas para axudarche na reflexión sobre estas variables:

As actividades e intereses profesionais

Debes ter moi en conta cales son os teus intereses profesionais para poder comezar a buscar emprego. A continuación dámosche algúns exemplos:

- Coidar, curar, educar, criar, cultivar.

- Manipular, construír, montar e desmontar, amañar.

- Calcular, medir, manipular números.

- Coidar, dirixir, gobernar, orientar.

- Crear, investigar, descubrir, inventar.

- Protexer, acoller, atender, tratar.

- Axudar, servir, aconsellar.

- Escribir, redactar, traducir, copiar.

- Comerciar, vender, cambiar.

- Tratar con xente, conversar, invitar, recibir.

- Debuxar, pintar, decorar, modelar.

- Vixiar, inspeccionar, fiscalizar.

- Arquivar, ordenar, clasificar, organizar, conservar.

Os valores profesionais

Á hora de elixir unha profesión son moi importantes os valores profesionais, é dicir as metas da nosa vida.

As razóns polas que escollemos determinarán se obtemos satisfacción ou non á hora de desenvolver unha ocupación.

Unha mesma profesión pode desenvolverse con valores moi diferentes, pero tamén é certo que, en xeral, determinadas profesións garanten máis éxito profesional se o acceso a elas se fai con determinados valores. Cada persoa ten unha escala propia.

Así, debes ter en conta a que valores lle dás ti maior importancia: gañar diñeiro, creatividade, altruísmo, comodidade, seguridade, independencia, prestixio, sociabilidade, diversidade, se queres ou non ter responsabilidade...

3.2. O OBXECTIVO PROFESIONAL

Tras o proceso de reflexión que realizaches sobre ti mesmo e as túas circunstancias, debes imaxinar e crear mentalmente o teu obxectivo profesional. Non tes que facer unha elección definitiva, é un inicio para que empeces a fixarte metas e a actuar. O obxectivo profesional é algo flexible, que cambia segundo o fan os teus intereses, valores, competencias profesionais e os condicionantes do contorno social e produtivo.

É conveniente que plasmes o teu obxectivo por escrito. Debe ser observable, medible e controlable. Redactar o teu obxectivo profesional é describir:

- A actividade profesional que queres realizar.

- As condicións en que a queres desenvolver.

- O tempo en que o queres lograr.

- O lugar onde o queres realizar.

3.3. PASOS PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO PROFESIONAL

Proxecto é o conxunto de accións e de ferramentas necesarias para alcanzar un obxectivo. Non basta con que decidiras por onde queres empezar; agora debes ir especificando os pasos que tes que dar, tales como buscar a información que necesitas, ou adquirir algún tipo de formación.

Estas son algunhas das preguntas que che poden axudar a plasmar o teu propio proxecto:

Que formación mínima necesito? Se non a teño, onde e como podo conseguila?

Que competencias posúo xa para a realización do posto?

Que competencias non posúo e debería ter? Como podo adquirilas?

4. COMO DARSE A COÑECER: A CARTA DE PRESENTACIÓN E O CURRÍCULO

Estas dúas ferramentas son a túa imaxe para poder entrar nun proceso de selección. Tendo isto en conta, cando te sentes a redactar os teus débeste centrar en reflectir o mellor de ti.

4.1. A CARTA DE PRESENTACIÓN

A carta de presentación, como di o seu nome, é o texto onde exporemos as razóns polas que diriximos o noso currículo á empresa. É o primeiro que le o encargado dos procesos de selección, polo cal, debemos facer que se fixen nas nosas razóns e nos puntos fortes do currículo que presentaremos a continuación.

É importante que a carta de presentación non sexa un mero resumo do currículo, para así non caer na repetición.

Se mandamos o currículo a diferentes empresas ou para diferentes tipos de emprego, debemos facer unha carta de presentación acorde coa situación determinada. Non debe semellar que é unha carta estándar.

Estrutura da carta de presentación

A máis común é:

- Primeiro presentarémonos e exporemos as razón polas que lles enviamos o noso currículo. Deste xeito, a empresa saberá se é resultado dun anuncio posto no xornal, na Internet, ou se é por motivación propia.

- Despois debemos expoñer o noso interese e as nosas aptitudes para desenvolver o traballo ao que queremos optar. Argumentaremos brevemente a nosa experiencia, logros profesionais anteriores etc., que demostren que somos os axeitados para cubrir a vacante. Como dicíamos antes, non convén facer un resumo do currículo, hai que dar unhas pinceladas das nosas capacidades e experiencias, pero non poñer todo o que xa desenvolveremos nos apartados posteriores.

- Por último, solicitaremos concertar unha entrevista persoal e faremos unha despedida cordial.

Consellos prácticos

- Mandarlle a carta ao responsable de Recursos Humanos da empresa.

- Nunca mandar fotocopias, sempre un orixinal.

- Nunca mandar a carta manchada ou engurrada.

- Empregar tamaño e cor de folio estándar (DINA-4). Por moi vistosos que sexan outros formatos, a imaxe que dan é de pouca seriedade e adoitan descartarse nunha maior porcentaxe.

- Se o posto é para unha empresa estranxeira podemos empregar o seu idioma nativo para demostrar que temos o nivel de dominio necesario.

- Escríbea a máquina, salvo que soliciten expresamente que sexa manuscrita. En tal caso, coida moito a túa letra, na actualidade hai empresas que estudan as características grafolóxicas dos seus candidatos.

- Deixa amplas marxes e separa ben os parágrafos.

- Extensión máxima dunha páxina.

- Redáctaa utilizando frases curtas, directas e sinxelas.

- Nunca escribas con faltas de ortografía, pasa o corrector unha vez a teñas acabada.

- Utiliza distintos tipos de letra e xoga coa negriña ou cursiva para resaltar e facilitar a lectura.

- Envía sempre o orixinal asinado.

Fórmulas de saúdo:

- Tal e como acordamos por teléfono, remítolle...

- En resposta á súa consulta sobre..., remítolle...

- Atendendo á súa solicitude..., remítolle...

- Diríxome a vostede por medio da presente co fin de...

- Pola presente carta compráceme enviarlle..., e espero que sexa do seu interese.

Fórmulas de despedidas:

- Desexo que a información facilitada sexa do seu interese e aproveito a ocasión para enviarlle un cordial saúdo,

- Atentamente,

- Reciba un cordial saúdo,

- Sen outro particular, lémbrolle que quedo á súa enteira disposición para ampliar calquera información que estime oportuna,

- En espera da súa resposta, reciba un cordial saúdo,

4.2. O CURRÍCULO

O currículo é o documento que resume o teu historial formativo e de experiencia laboral. Debe responder as preguntas:

1. Quen é o aspirante?

2. Que posto busca?

3. Pode estar capacitado para o posto?

Debes ser claro, conciso e breve; é na entrevista onde debes estenderte máis.

Non esquezas que o currículo "está vivo", é dicir, que hai que cambialo conforme o faga o noso itinerario profesional, e ademais debemos adaptalo en función do posto ao que optemos. A continuación poñemos certas regras que che axudarán a facer un currículo máis atractivo e efectivo:

Estrutura do currículo

Cada dato debe estar perfectamente localizado no currículo, debe estar no punto que lle corresponde para que sexa facilmente localizable, para que a interpretación sexa sinxela e non deixe lugar a ningunha dúbida de que ti es o candidato axeitado.

Aínda que hai moitas formas de presentar un currículo, o máis xeneralizado presenta os seguintes puntos e na seguinte orde:

Datos persoais

- Nome e apelidos, evitar as abreviaturas.

- Enderezo: rúa, número, andar, cidade e distrito postal.

- Teléfono: o máis seguro é que se están interesados en contactar contigo o fagan por este medio. Debes proporcionar o teléfono ou teléfonos onde sexa máis doado localizarte.

- Enderezo de correo electrónico (e-mail): é moi recomendable ter un enderezo de correo electrónico cun nome serio, pois hai certos enderezos que non son nada atraentes ou incluso lle poden facer rir ao seleccionador. Se é necesario fai unha conta especial para este cometido.

- Lugar e data de nacemento: convén utilizar a fórmula "Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 1980", xa que é moito máis fácil de interpretar que 3-2-80. Lembra que á persoa que le o currículo hai que poñerllo o máis doado posible.

- Hai outra serie de datos persoais que podes incluír se o consideras relevante para unha oferta de emprego en concreto ou se cho piden explicitamente:

  - Nacionalidade: aquí tamén podes incluír se posúes autorización de traballo e/ou residencia.

  - Datos físicos: a estatura, peso etc., só se deben incluír se se piden no anuncio.

  - Fotografía: non hai unanimidade na conveniencia ou non de incluír unha foto. O que si está claro é que no caso de que decidas poñela, debe ser unha foto actual, natural e de boa calidade.

Formación académica

Neste punto anótanse os estudos oficiais ou ensinanzas regradas.

Hai que especificar as datas, o lugar e o título obtido. Non descartes poñer se te atopas estudando na actualidade, e especificar os cursos ou materias que xa aprobaches. Non sexas redundante: se tes unha carreira universitaria, non fai falla que poñas os datos do teu bacharelato.

Experiencia profesional

Hai que reflectir todas as nosas experiencias laborais, incluso as que non foron remuneradas, xa que en todas elas adquirimos competencias novas. Todo conta: bolsas de traballo, prácticas, períodos de axuda nun negocio familiar etc. É moi importante resaltar o que nos interesa en función do posto ao que vamos optar.

Especifica: datas de permanencia, denominación do posto, nome da empresa e funcións.

Á hora de expoñer o teu historial profesional podes empregar unha orde cronolóxica directa, dende a primeira empresa á última, ou unha orde cronolóxica inversa, dende a última á primeira, dependerá da experiencia que máis che interese resaltar.

Outros cursos

Debes seguir o mesmo esquema que na formación académica e especificar ademais o número de horas.

Destaca aqueles cursos que teñan unha especial relevancia co posto de traballo que che interesa, ou ben que teñan un prestixio recoñecido, ou que sexan de longa duración.

Tamén podes engadir participacións en seminarios ou xornadas, sempre e cando estes teñan unha relación moi directa co posto solicitado.

Non inundes o currículo de cursos breves e pouco recentes. Isto pode despistar o seleccionador da información que realmente che interesa resaltar.

Idiomas

O que importa son os idiomas que coñeces e en que grao os dominas: baixo, medio ou alto; se só os traduces, os falas ou podes escribilos.

Con respecto ao grao de dominio é aconsellable que sexas realista, non poñas nin máis nin menos da realidade. Pódenseche poñer a falar en alemán en metade da entrevista!

Se os teus coñecementos proveñen de cursos, estudos ou estancias no estranxeiro, debes especificalos e acreditalos.

Informática

Cada vez é máis necesario posuír coñecementos de informática, incluso en postos de baixa cualificación. Se tes coñecementos ao respecto non dubides en poñelo, xa que xoga ao teu favor, pese a que en principio non sexan esixidos para o posto. Especifica calquera linguaxe, contorno e programa que coñezas, así como o nivel de dominio. Se fixeches cursos ao respecto, non dubides en incluílos.

Outros datos de interese

Este punto é opcional. Podes engadir datos interesantes, pero dificilmente enmarcables nos puntos anteriores, tales como:

Mobilidade xeográfica e laboral: en caso de aceptar desprazarte temporalmente ou situarte en zonas xeográficas diferentes.

Carné de conducir: non esquezas indicar a categoría.

Posesión de vehículo propio etc.

Ata fai pouco tempo era habitual contemplar un último punto de hobbies ou afeccións. Actualmente isto caeu en desuso, e incluso se considera infantil. Este dato constitúe máis unha pregunta típica da entrevista persoal que un dato que se debe engadir no currículo.

Consellos prácticos

- Débese escribir nunha soa páxina, como moito en dúas.

- Non empregues dúas palabras se o podes facer nunha. Por exemplo: non escribas: "A miña función como encargado de mantemento é...". É mellor poñer: "Encargado de mantemento. Funcións:...". As palabras "a miña función" e "como" non contribúen en nada.

- Non escribas frases que non sirvan para nada. Non podemos facer que pensen que están lendo cousas que lles fan perder o tempo.

- Evita as "frases feitas" e redundantes, así como as expresións ambiguas e pouco precisas.

- Expresa unha idea en cada frase.

- Emprega palabras, frases e parágrafos curtos.

- Ten coidado coas faltas de ortografía.

- Reflicte no teu currículo que reúnes as esixencias do posto de traballo, debes plasmar aquelas características, tanto persoais como profesionais, que te fan especialmente apto para o posto.

- Imprime un orixinal para cada solicitude, non empregues fotocopias.

- O tipo de papel elixido é opcional, pero que sexa consistente, normalmente tamaño DINA-4. Evita formatos estridentes ou que saian moito da norma.

- Escríbeo sempre en ordenador. Pode ocorrer que algunhas empresas o pidan escrito a man, xa que teñen por costume valorar a caligrafía de cara á selección. Pero escríbeo a man unicamente se cho piden.

- Coidado con escribir algunha información que poida evitar que pases á fase da entrevista.

- Un detalle que a moitos lles pasa desapercibido é a conveniencia de lle engadir a data ao currículo, xa que lle dá unha referencia no tempo. Esta regra cobra maior sentido se se trata dun currículo que non responde a unha oferta concreta.

- Non asines o currículo, a túa sinatura xa queda estampada na carta de presentación que xuntas. Só en caso de entregar o currículo en man e sen carta, podes optar por asinalo.

- Destaca as túas calidades, pero nunca mintas. Se na entrevista persoal descobren que mentiches ou que puxeches datos falsos, a túa imaxe quedará moi deteriorada. Ninguén quere contratar a unha persoa que non é de confianza.

Tipos de currículo

Cronolóxico

O criterio para ordenar o itinerario é temporal, o cal permite unha visión rápida e ordenada deste. O inconveniente que presenta é que é difícil camuflar os períodos de tempo nos que se estivo inactivo. Podemos utilizar a orde directa (ir do máis antigo ao máis novo) cando temos unha curta experiencia laboral ou ben nos interesa reflectir a evolución que seguimos, ou a orde inversa (ir do máis actual ao máis antigo), que é máis interesante cando a experiencia laboral é moi longa ou cando o último traballo desempeñado é moi parecido ao que optamos.

Funcional

Trata de resaltar as competencias e os obxectivos logrados na traxectoria profesional. Ordénase a información segundo as áreas profesionais. As vantaxes son que permite destacar os logros e disimular as lagoas ou a escasa experiencia laboral. Os inconvenientes preséntanse cando temos áreas con moi pouca relación entre si; ademais a comprensión e a lectura son máis lentas, non podemos permitirnos ser tan esquemáticos como no currículo cronolóxico.

Non existe o currículo perfecto, e nunca poderemos ter a garantía de acertar co gusto do empregador. A experiencia parece dicir que o ideal é facer un currículo mixto, no que apareza a secuencia cronolóxica, pero no que tamén se especifiquen as principais competencias adquiridas ao longo do noso itinerario.

4.3. EXEMPLOS DE CARTAS DE PRESENTACIÓN E CURRÍCULOS

Carta de autocandidatura

Thelmo Paz Fernández
Rúa Arapiles n.º 24, 5.º B
36005 - Pontevedra

Cooperativa de Carpinteiros
do Val do Salnés
Polígono de Xiabre
Att. Dpto. Persoal
36600 - Vilagarcía de Arousa

Pontevedra, 18 de maio de 2007

Estimado Sr. Crego:

Pola presente, quero comunicarlle que recentemente finalicei a miña formación nun taller ocupacional organizado polo Concello de Pontevedra, na área de carpintería.

Considero que a miña preparación pode interesar a unha empresa como á súa, dedicada á fabricación de mobles, tanto estándar como a medida, e así poder continuar desenvolvendo a miña profesión.

Adxunto o meu currículo e quedo á súa disposición para realizar as probas profesionais que determine. Gustaríame ter unha entrevista persoal con vostede, a fin de comentar algúns datos que estimo que poden ser do seu interese.

Saúdao atentamente,

Thelmo Paz Fernández

Carta de contestación a un anuncio de prensa

Rosa María Vilches Campo
Rúa Concepción Arenal n.º 2
36200 - Vigo

Apartado de correos, n.º 47
Att. Dpto. Persoal
Ref.: 267
15702 - Santiago de Compostela

Vigo, 27 de xullo de 2007

Estimados señores:

Diríxome a vostedes en contestación á oferta de emprego publicada no xornal Faro de Vigo do día 24 de xullo de 2007, para expresarlles, que de acordo coa miña formación e experiencia profesional, e a pesar da miña xuventude, estou capacitada para desenvolver o posto ofertado de programador.

Adxunto o meu currículo, no que poderán observar, que finalizados os meus estudos de grao superior realicei cursos directamente relacionados co posto que ofertan.

Quedo á súa disposición para ampliar canta información estimen necesaria e realizar cantas probas crean oportunas.

Esperando recibir prontamente novas súas, reciban un cordial saúdo,

Rosa María Vilches Campo

Carta de contestación a un contacto persoal

Humberto Ulloa López
Rúa Tremoedo, 12, 5.º A
15002 - A Coruña

Dpto. RR.HH.
Hotel Finisterre
15008 - A Coruña

A Coruña, 30 de marzo de 2007

Estimados señores:

Tal como quedamos na entrevista mantida o 25 de marzo do presente, envíolles o meu currículo actualizado, no que fago constar os cursos e os idiomas que domino, como me solicitaron.

Reitérolles o meu interese de formar parte da súa empresa, xa que ademais de poder desempeñar o posto que ofertan, ser parte do seu persoal sería moi importante para a miña evolución profesional.

Esperando recibir prontamente novas súas, reciban un cordial saúdo,

Humberto Ulloa López

Currículo

Nome e apelidos: Isabel Cordeiro Diz
Data nacemento: Santiago de Compostela, 21 de marzo de 1985
Enderezo: Rúa de Abaixo n.º 2, 2º A
15920 - Rianxo
Tfno.: 981000000
Enderezo electrónico: icd_er@yahoo.es

Formación
Instituto de FP Compostela.
2003-2005. FP de Hostalería e Turismo. Especialidade de cociña.

Experiencia laboral
2005-2007. Axudante de cociña. Restaurante As Cancelas. Tarefas realizadas: preparación dalgúns pratos e axuda na compra diaria dos produtos. Vigo
2008. Pinche de cociña. Bar O Berberecho. Rianxo

Outros cursos
2007. Curso de Enoloxía. Asociación española de enoloxía. 35 horas.
2008. Curso de Conservación de Alimentos. Centro Superior de Hostalería. Santiago de Compostela. 100 horas.
2009. Curso de Preparación de Marisco. Asociación española de gastronomía. 20 horas.

Idiomas
Galego: nivel alto, oral e escrito.
Inglés: nivel medio, oral e escrito

Outros datos de interese
Dispoñibilidade de viaxar.
Carné de conducir B1. Coche propio.

5. COMO BUSCAR EMPREGO

5.1. RECURSOS PARA ATOPAR EMPREGO

Hai numerosos medios, tanto públicos como privados, que che facilitarán e que che axudarán na procura dun emprego.

Servizo Público de Emprego de Galicia

Na nosa comunidade autónoma está o Servizo Público de Emprego de Galicia, que está dentro do Servizo Público de Emprego. Deste xeito, a Xunta de Galicia ofrece un sistema de intermediación laboral público, de maneira gratuíta e de ámbito autonómico.

Son máis de 250 puntos os que compoñen a rede do SGC. Contabilízanse 51 oficinas de emprego e aproximadamente uns 220 centros asociados.

Nestes centros recóllense os currículos dos demandantes de emprego e as ofertas dos empresarios que desexan incorporar traballadores aos seus cadros de persoal. Posteriormente faise un proceso de selección no que se emparellarán os candidatos máis axeitados cos postos ofertados, este proceso faise na Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Características principais do Servizo Público de Emprego de Galicia:

- Ofrece unha atención personalizada mediante unha cita previa vía telefónica.

- É de caracter voluntario para as empresas e os demandantes de emprego.

- Aplica tecnoloxías avanzadas.

- É rápido e eficaz, estímase que nun período dunha semana se poderán remitir á empresa candidatos que sexan axeitados ás esixencias do posto ofertado.

- Ten unha grande accesibilidade, dende calquera punto de Galicia pódese contactar con este servizo mediante o número de teléfono: 902 125 000 para os demandantes, e o 902 262 902 para os que desexan ofrecer un emprego.

Cales son os requisitos para poder acceder ao servizo:

- Calquera persoa, sexa desempregada ou ocupada, que queira mellorar o seu emprego e que sexa residente en Galicia.

- Calquera empresa que oferte un posto de traballo de calquera país do mundo.

Para facer o currículo no Servizo Público de Emprego de Galicia:

- Acude á oficina de emprego que che corresponda como demandante de emprego. Na oficina hai un técnico que se encargará de facerche unha entrevista personalizada e introducirá o teu currículo na base de datos do SGC. Esta mesma función tamén a desenvolven os centros asociados, que axudan a un mellor funcionamento desta rede.

Documentación que debemos levar cando vaiamos facer a entrevista:

- DNI, se es español, ou o teu número de identificación de estranxeiro.

- A tarxeta da Seguridade Social se traballaches anteriormente.

- Todos os diplomas, certificados ou calquera tipo de documento acreditativo que queiras xuntar ao teu currículo (todo o que poñas no teu expediente ou currículo debe estar acreditado polo documento correspondente).

Que ocorre cando estou seleccionado para unha oferta de emprego:

- Cando a túa solicitude de emprego é seleccionada para un posto de traballo, será o Centro de Atención Telefónica do Servizo o que se porá en contacto contigo, informarate da selección e comprobará se aínda estás dispoñible para optar ao posto de traballo. Se estás de acordo e estás en condicións de aceptar a oferta, o teu currículo enviaráselle á empresa que demanda o emprego.

Centros de información e orientación para o emprego (COIE)

Estes centros dependen das universidades, e polo tanto están dirixidos exclusivamente á poboación universitaria.

O seu labor é orientar e informar os universitarios de todo o relacionado coa busca de emprego. Ademais, contactan con empresas para dar a coñecer os seus servizos como intermediadores.

Para beneficiarse deste servizo de xestión de emprego tes que estar no derradeiro ciclo da carreira ou ser titulado dende hai catro anos ou menos. Para optar ás actividades de información e orientación non importa o curso no que estes matriculado.

A inscrición nun COIE é moi similar á da Oficina de Emprego, tamén debes efectuar unha revisión periódica da demanda para actualizar a información reflectida.

Empresas de traballo temporal (ETT)

Este tipo de empresas contratan temporalmente a traballadores para cedérllelos ás súas empresas clientes, mediante un contrato de posta a disposición. A relación laboral establécese entre o traballador e a ETT, que é a que lle paga o seu salario e cotiza por el na Seguridade Social, ademais de ser o responsable da súa formación.

Pero o traballador debe ter claro que é a empresa na que vai desenvolver a súa actividade laboral a que pode advertir á ETT do incumprimento das súas obrigas laborais.

As ETT tiveron unha imaxe moi negativa durante moitos anos. Pero a lexislación actual asegura que as condicións laborais dos traballadores contratados por elas se equiparen ás dos contratados directamente polas

empresas clientes. Especializáronse en xestionar as necesidades de persoal temporais que xorden no mercado, así que son unha boa forma de lograr as primeiras experiencias laborais.

O emprego que podes conseguir a través delas varía moitísimo en función dos sectores de actividade que predominen na localidade onde se atopen. Xeralmente as empresas acoden a elas para buscar a profesionais cun nivel de cualificación medio e baixo.

A vantaxe principal de traballar para unha ETT é que che permiten un contacto laboral cunha empresa, e iso pódeche facilitar que no futuro decidan incorporarte ao seu cadro de persoal de forma permanente. Outra vantaxe é que ofrecen un emprego moi axustado ás túas necesidades (empregos por horas, a tempo parcial, en épocas determinadas...).

A incorporación é gratuíta, e acostuma a ser moi similar en todas: hai que entregar un currículo e unha foto, e cubrir unha solicitude de emprego. Algunhas piden algún tipo de referencia que avale a información profesional que proporcionas.

Se estás a procurar un emprego pode ser boa estratexia inscribirte só naquelas que xestionen ofertas adaptadas ao teu perfil.

Consultoras de Recursos Humanos

O labor deste tipo de empresas é ofrecerlles servizos a outras empresas en relación co seu capital humano, tales como a formación continua, avaliación do posto de traballo, selección de persoal e avaliación do rendemento do traballador.

No que se refire á selección de persoal cabe destacar que se centran fundamentalmente en postos de directivo e mando intermedio. A consultora realiza un proceso de selección entre os candidatos, unha

vez que analiza o perfil que a empresa demanda. Xeralmente preséntalle un informe á empresa cliente dun pequeno grupo de candidatos, correspondéndolle á empresa cliente tomar a decisión final.

Cando as consultoras necesitan candidatos para iniciar un proceso de selección fan pública a súa oferta a través de distintas vías, tales como a prensa e a Internet. Pero ademais, se estás na procura dun emprego é moi boa idea que visites a estas empresas persoalmente e lles entregues o teu currículo, aínda que nese momento non busquen candidatos co teu perfil profesional.

Se queres coñecer máis sobre elas podes consultar a páxina www.consultoras.org, pertencente á Asociación Española de Empresas de Consultoría.

Empresas de subcontratación

Estas axencias están especializadas na subcontratación de partes do proceso produtivo das empresas. Contratan traballadores e póñennos a disposición das empresas clientes. A diferenza coas ETT é que si que proporcionan o material necesario para a realización do traballo, e si se responsabilizan da supervisión directa deste.

Os servizos que máis habitualmente se subcontratan son os de seguridade e vixilancia, mantemento de equipos informáticos, limpeza e a maioría dos realizados no sector da construción.

Medios de comunicación

A clave nos anuncios en prensa é responder unicamente a aqueles que realmente se aproximan ao noso perfil. Facer o contrario pódete levar ao desánimo, xa que recibirás moitas negativas. Tamén é importante distinguir cales son realmente ofertas de emprego e cales non.

O anuncio ideal é o que ofrece a maior cantidade de información:

1. Datos da empresa: nome, localización xeográfica, produto ou servizo que vende, datos sobre a súa posición no mercado...

2. Datos do posto de traballo que se vai cubrir: nome do posto, funcións, responsabilidades, posición na xerarquía, tipo de contrato que ofrecen, retribución, condicións laborais (xornada, traballo en equipo, situación...).

3. Datos descritivos do candidato que a empresa quere: idade, sexo, formación, experiencia laboral, idiomas, características persoais...

O anuncio cego é aquel que oculta o nome da empresa; e que evita así filtrar información á competencia ou desmoralizar o persoal da propia empresa, que poden ver ameazados os seus postos de traballo.

Hai que ter moito coidado cos anuncios falsos: algúns prometen postos de traballo que non son tales, senón cursos, ou nos que hai que comprar algo; outros buscan persoas que pretendan gañar moito diñeiro, trátanse de vendas con comisión e cando a persoa lle terminou de vender ao seu círculo máis preto deixa o traballo, pero a empresa xa quedou coa clientela; outros son anuncios de empresas de selección que ofrecen postos inexistentes para crear unha base de datos de candidatos válidos e así poder responder a futuras necesidades de cubrir un posto similar; outras veces a intencionalidade é comprobar como está o mercado nun determinado segmento ocupacional; ás veces as empresas fan propaganda a través das ofertas, así que debemos desconfiar de expresións como "a empresa número un", "condicións inmellorables" etc.; tamén hai que ter coidado cando o anuncio non especifica a cualificación ou a experiencia esixida para cubrir o posto.

Ten en conta as seguintes recomendacións á hora de consultar a prensa:

- O candidato ideal non existe, vaise redefinindo o perfil do posto que redactou a empresa segundo responden os candidatos. Por iso, contesta o anuncio se reúnes polo menos dous terzos dos requisitos, debes distinguir, ademais, entre os que son esenciais e os que son complementarios.

- Responde rapidamente.

- Manda unicamente os documentos que se especifican no anuncio. Mandar máis daría sensación de inseguridade e falta de confianza.

Internet

É a ferramenta de busca de emprego que máis medrou nos últimos tempos. Podemos falar de máis de 30.000 webs de emprego. O importante é que aprendas a buscar e a discriminar cales son as que realmente che poden interesar.

Se estás na procura dun emprego, as visitas a portais especializados son unha opción que non debes descartar, independentemente da túa formación, experiencia e obxectivo profesional. Neste sentido, os servizos que Internet che ofrece son:

- Publicación do teu currículo con posibilidade de modificalo a través dunha clave persoal.

- Confidencialidade.

- Asesoría laboral gratuíta.

- Consultas a persoas expertas en orientación e intermediación laboral.

- Información de bolsas de traballo, axudas, oposicións, cursos...

- Orientación laboral.

- Listaxes de ofertas de emprego clasificadas por sector, soldo, situación xeográfica etc.

- Recepción no teu correo electrónico de ofertas que se axustan ao teu perfil e condicións.

- Listaxe e perfís de empresas que ofrecen emprego.

Os portais de emprego funcionan como bases de datos que conteñen as ofertas e as demandas laborais.

Unha posibilidade é que accedas directamente ás listaxes de ofertas de cada portal. Se che interesa algunha oferta, selecciónaa e ao introducir o teu nome de usuario e a túa clave, o teu currículo tense en conta para a oferta. Debes saber que non sempre aparece o nome da empresa que contrata.

Outra posibilidade é que fagas unha busca introducindo uns parámetros, tales como a categoría ou área profesional, a área xeográfica, a data de publicación da oferta, se se esixen idiomas, tipo de contrato e moitos máis, dependerá do portal.

Ten en conta que a busca de emprego a través da Internet pode ser máis eficaz se a enfocas dunha forma activa; non te limites a introducir o teu currículo. Visita os portais do teu interese con frecuencia. Ademais, os avances tecnolóxicos pódense reflectir na túa busca, por exemplo, moitos portais de emprego xa teñen tecnoloxía WAP, o que permite consultar ofertas a través do teu móbil.

Algúns dos portais máis coñecidos e frecuentados son: www.infoempleo.com, www.laboris.net, www.monster.es, www.universia.es, www.primerempleo.com.

Enlaces directos co correo electrónico das empresas

Outra opción é utilizar directamente as páxinas web das propias empresas. Pódeste atopar con dúas posibilidades, unha é que che pidan que inclúas os teus datos nun formulario preestablecido por eles, e outra é que fagas chegar o teu currículo a través dun ficheiro adxunto.

Cubrir os formularios pode ser un pouco pesado, tárdase ao redor de 15-20 minutos. É moi importante que utilices palabras clave do teu sector profesional porque a busca de currículos faise xeralmente apelando a estas palabras. Os formularios adoitan incluír moitos menús despregables, para facilitar o labor; trata de evitar a opción "outros". Cando teñas que cubrir un espazo libre, especialmente coas funcións e tarefas desempeñadas en empregos anteriores, trata de ser moi claro; lembra que o que poñas debe ser o suficientemente interesante como para que un responsable de selección decida escoller o teu currículo entre outros centos.

No caso de que che pidan o teu currículo a través dun arquivo adxunto, lembra as seguintes recomendacións:

- Debe estar redactado segundo as mesmas pautas recomendadas para o currículo que se vai entregar en man.

- Se inclúes unha foto, non o fagas en formato bmp.

- Non inclúas macros.

- No asunto, escribe o teu nome e apelidos. Se estás respondendo a un anuncio, inclúe tamén a referencia deste.

Organismos e asociacións

Existen multitude de organismos e asociacións que poden facilitar a inserción no mercado laboral.

Os colexios profesionais e asociacións empresariais teñen como obxectivo ofrecer servizos encamiñados a mellorar a situación, as prestacións e a información que poida beneficiar os seus asociados.

Cada organismo ou asociación ten as súas propias normas, obxectivos e procedementos, polo tanto son moi grandes as diferenzas entre cada unha delas.

Outros organismos moi relacionados coa actividade laboral son os sindicatos. Nestes pódese obter información sobre os diferentes cursos de formación que se ofertan, os convenios colectivos de cada profesión, o estado do mercado laboral etc.

Rede social: amigos, coñecidos e contactos persoais

A maior parte das oportunidades de emprego proceden da rede de contactos persoais. A nosa rede social proporciónanos o maior apoio na maioría das facetas da nosa vida e, evidentemente, tamén pode ser fundamental na busca de emprego. Moitas persoas viven o desemprego como un fracaso persoal, tratando de ocultalo, só os familiares máis achegados coñecen a situación, porén, o ideal sería que o soubera a maior cantidade de xente posible.

Hai casos, nos que as empresas contratan a coñecidos ou amigos dos que xa traballan nela. A razón deste fenómeno é que o proceso de selección de persoal é moi custoso, tanto en tempo como en diñeiro, e moitas veces recórrese ás garantías que a xente ofrece sobre os seus amigos e coñecidos. As boas referencias que dea un empregado sobre outra persoa poden ser suficiente argumento para contratalo.

O que máis destaca deste tipo de contratación é que se aforra moito tempo e diñeiro, e o que obtén o traballo non ten que pasar tantas probas e entrevistas; entra case dun xeito directo. É un acto de confianza coa persoa empregada.

É moi importante que intentes ampliar o teu círculo de amizades e coñecidos no ámbito laboral, pois así terás máis posibilidades de que che dean información de postos vacantes, ou que te recomenden eles mesmos para postos de traballo na súa empresa.

Tes que procurar dar unha sensación de seriedade, de responsabilidade e de que poden contar contigo sen correr o risco de que os defraudes.

Feiras, congresos, salóns e exposicións

Nestes lugares é moita a información que podemos acadar, pois son lugares de encontro entre empresarios, clientes, traballadores etc.

Unha persoa que desexe atopar o seu primeiro emprego ou que queira cambiar de sector, pode recompilar moita información, falar cos representantes de cada empresa, ler a publicidade de cada expositor...

Nas reunións de profesionais son moitas as posibilidades de establecer contactos que o día de mañá che poden facilitar un emprego. As persoas que se interesan e que teñen iniciativa son percibidas como interesantes e válidas para a súa contratación. Non perdas a oportunidade de ampliar o teu círculo de contactos.

Se queres información sobre estes eventos podes dirixirte á cámara de comercio da túa localidade, alí daranche as datas e lugares de realización destes certames.

Prácticas en empresas

Ademais dos períodos de prácticas que se fan durante a carreira, podes optar por complementar a túa formación con experiencias pre-profesionais en empresas. Son prácticas xeralmente non remuneradas, pero dun gran valor como aprendizaxe e toma de contacto co ámbito laboral, sen esquecer a mellora do currículo persoal.

Algunhas institucións ás que podes recorrer para conseguir este tipo de prácticas son: Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), cámaras de comercio, Confederación de Empresarios de Galicia, Fundación Galicia-Europa, Comisión Europea, guías de empresas que ofrecen emprego, centros de estudos, institucións públicas (concellos, consellerías...).

Tamén podes solicitar as prácticas directamente nas empresas do sector que che interese. Para iso, debes facer un rastrexo polas empresas que admitan persoal en prácticas e facerlles chegar a túa solicitude. Outra opción é facer prácticas na empresa dun familiar ou coñecido. Toda experiencia será boa.

Rede EURES

Os cidadáns da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo teñen dereito á libre circulación por estes territorios. Con este motivo creouse a Rede de Servizos Europeos de Emprego.

O propósito de EURES é proporcionarlles servizos de información, asesoramento e contratación aos traballadores e empresarios.

EURES conta cunha rede humana de máis de 700 conselleiros en toda Europa.

Nas rexións fronteirizas de Europa, EURES ten unha importante misión que cumprir para informar e axudar a resolver os problemas de todo tipo que poidan experimentar os traballadores que cruzan a diario a fronteira e ás empresas nas que traballan.

Creada en 1993, EURES é unha rede de cooperación entre a Comisión Europea e os servizos públicos de emprego europeos dos estados membros do EEE (os países da UE, Noruega, Islandia e Liechtenstein) e outras organizacións asociadas. Suíza tamén participa na cooperación EURES. Os recursos conxuntos dos membros e organizacións asociadas de EURES proporcionan unha sólida base para que a rede ofreza servizos de alta calidade a traballadores e empresarios.

Os encargados de realizar os ditos labores son os chamados euro-conselleiros, especialistas no mercado de traballo a nivel comunitario e transfronteirizo. Estes pertencen a servizos públicos de emprego, organizacións sindicais, patronais e outras asociacións.

6. OS PROCESOS DE SELECCIÓN

Todo esforzo na busca de emprego será recompensado, tarde ou cedo, coa participación nun proceso de selección, que pode consistir nunha entrevista, nunha dinámica de grupo, nun test de aptitude, de personalidade ou en probas profesionais.

O proceso de selección debemos preparalo o mellor que poidamos, xa que se non causamos boa impresión, todo o esforzo anterior de procura de emprego non servirá de nada.

Vexamos a continuación con máis detalle estes procesos de selección.

6.1. A ENTREVISTA DE TRABALLO

A entrevista de traballo consiste nun diálogo entre un candidato e un ou máis entrevistadores.

Ambas as partes teñen os seus obxectivos:

- Entrevistadores: queren comprobar se o candidato é o axeitado para o posto, predicir o seu futuro rendemento e saber se realmente está motivado.

- Candidato: quere demostrar que pode desempeñar ese posto de traballo e que realmente quere facelo. Ademais quere obter toda a información que poida sobre o posto e a empresa.

Tipos de entrevistas

Estruturada, directiva
As preguntas están prefixadas e as opcións de resposta son moi limitadas ou incluso son proporcionadas en forma de alternativas. A interpretación e valoración das respostas faise sobre a base duns criterios establecidos. Realmente é unha entrevista fácil, xa que deixa pouca marxe para a improvisación.

Aberta, informal, libre
Non hai planificación previa, nin estruturación. O entrevistador busca sondar informacións subxectivas, tales como o estado de ánimo, ou as nosas opinións sobre determinados temas. Aquí debe primar a sinceridade, debemos tratar de non contradicirnos. É unha entrevista difícil, que tamén require moita experiencia por parte do entrevistador.

Semidirectiva ou semiestruturada
A estrutura e as preguntas están definidas previamente, cunha marxe para tratar cuestións que xurdan. As preguntas son abertas. Esta é a situación máis habitual.

Entrevista non formal
Non ten regras fixas, consiste máis ben nunha conversación persoal bastante informal. Dáse con maior frecuencia en sectores como a construción, hostalería e empresas pequenas. O que busca o empresario é obter unha primeira impresión e a partir de aí probar o candidato no período de proba.

Entrevista de tribunal
É a mantida por varios entrevistadores e un só candidato. Require moito nivel de concentración e atención por parte do entrevistado. Acostuma a ser bastante estruturada e na empresa privada adoita empregarse nas últimas fases do proceso de selección.

Entrevista de tensión
O obxectivo é coñecer como reacciona o candidato en situacións nas que é difícil manter o control. Emprégase en postos nos que o ambiente é moi tenso. Os entrevistadores fan preguntas moi agresivas, cun ton cínico e dubidan abertamente das capacidades do candidato.

Estrutura da entrevista

Xeralmente, as entrevistas semiestruturadas adoitan seguir o seguinte esquema:

- Saúdo: a presentación debe ser cortés; se estás sentado cando chegue o entrevistador, levántante e estréitalle a man con firmeza. Sorrí mirándolle aos ollos. Espera para sentarte a que cho digan. O correcto é esperar a que o entrevistador comece a falar.

- Introdución: o entrevistador tratará de crear un ambiente menos tenso e romper o xeo. Para iso, posiblemente faga preguntas pouco significativas; debes contestalas sen estenderte demasiado para permitir pasar ao corpo principal da entrevista o antes posible.

- Presentación da empresa e información sobre o posto que se vai cubrir: o entrevistador informará destes aspectos brevemente; é o momento de facer saber que te informaches previamente, se así foi.

- Recollida de datos: esta será a parte máis extensa; o entrevistador tratará de pescudar se queres, sabes e podes desempeñar o posto de traballo.

- Finalización: nin que dicir ten que o final da entrevista teno que marcar o entrevistador. Xeralmente deixa a porta aberta a calquera dúbida ou pregunta.

Preparando a entrevista

É fundamental que prepares as túas entrevistas de traballo. Deixalo todo á improvisación é xogar todo a unha soa carta. É certo que cada entrevista é diferente, pero tamén o é que un traballo de reflexión previo che fará acudir moito máis tranquilo e ser mellor valorado polos entrevistadores.

Busca información sobre a empresa e sobre o posto de traballo. O tipo de información que che interesa é o sector, a actividade, a política da empresa, os seus principais produtos e servizos, salarios e, moi especialmente, todo o relacionado co posto ao que optas, como as funcións, competencias que adoitan buscar nos seus empregados, e formación que se lles esixe. Así poderás establecer comparacións co teu perfil profesional e levar previstos posibles puntos fortes e débiles.

Esta información pódela conseguir a través de distintas fontes: Internet, prensa especializada, cámara de comercio, amigos, empregados que xa traballan para ela. É cuestión de que poñas a túa imaxinación a traballar e unha vez máis que recorras á túa axenda de contactos.

Reflexiona sobre as preguntas máis frecuentes. A continuación dirémosche varias preguntas que se adoitan facer nas entrevistas. Pódeche servir pensar tranquilamente na casa cal sería a túa resposta. Tes que tratar de ser sincero, pero potenciando os teus puntos fortes e buscando solucións para os débiles. Non se trata de que aprendas as respostas de memoria; perderías naturalidade e estarías engadindo unha presión máis na entrevista.

Preguntas relacionadas coa formación e os estudos:

Que estudos cursou? Por que?
Repetiría a súa formación se volvera empezar?
Que nivel de idiomas posúe? Como os adquiriu?
Por que abandonou os estudos?
Que cursos e seminarios realizou no último ano?

Preguntas relacionadas coa experiencia profesional:

Fáleme da súa época como (profesión).
Que aprendeu alí?
Que lles reprocha aos seus xefes anteriores?
A que lle atribúe levar tanto tempo desempregado?
Por que deixou o seu derradeiro emprego?
Que funcións realizou nos seus traballos anteriores?

Preferencias no ámbito profesional:

Gústalle traballar só ou en equipo? Por que?
Discutiu algunha vez a orde dun superior?
Que pensa das normas de disciplina nas empresas?

A empresa e o posto:

Que sabe de nós? Como coñeceu eses datos?
Coñece os produtos desta empresa? Que opinión lle merecen?
Cales cre que serían as súas funcións se o contratamos?
Que gaña a empresa contratándoo a vostede?
Participa nalgún outro proceso de selección?

Condicións de traballo:

Que dispoñibilidade ten para viaxes de curta ou longa duración e estanzas ou residencias noutros países?
Que opina de ter que traballar algún sábado ou domingo, ou ter que volver das vacacións en caso de que xurda algunha necesidade da empresa?
Poderíase incorporar inmediatamente?
Ten vehículo propio?

Retribución:

Canto lle gustaría cobrar?
Que retribución tiña no seu anterior emprego?

Personalidade:

Fáleme de vostede.
Defínase con cinco adxectivos e xustifique a súa resposta.
Expoña unha situación na que resolvera con éxito un problema e se sentira orgulloso.
Que tipo de persoas o poñen dos nervios?
Diga tres características súas que considere negativas.
Conte algún erro cometido por vostede no pasado e do cal obtivera algunha ensinanza.
Cales son os seus puntos fortes e débiles?
Como adoita tomar as súas decisións?

Situación familiar e persoal:

Está casado?
Ten fillos?
Por que razón vive cos seus pais?
Que afeccións e intereses ten?
Que adoita facer os días de festa e as fins de semana?
Describa as relacións cos seus pais, irmáns, parella.

A importancia dos aspectos non verbais

Non son só as túas respostas ás preguntas as únicas responsables da impresión que o entrevistador se vai formar de ti. Hai outras variables que debes ter en conta:

- Leva unha vestimenta correcta e discreta, e non uses perfumes fortes.

- Non fumes, nin comas caramelos ou goma de mascar.

- Non teñas ningún obxecto nas mans, dá sensación de nerviosismo.

- A postura axeitada é a de estar apoiado no respaldo da cadeira, sen inclinarte cara a diante. A xesticulación debe ser intermedia: tan negativo é estar ríxido como non parar de mover as mans e o corpo. Trata de non cruzar os brazos.

- Mira aos ollos, pero sen agresividade.

- Dá mostras de que estás escoitando: asinte e utiliza algunha expresión ao respecto.

Consellos prácticos

- Asegúrate do día, o lugar e a hora da entrevista.

- Sé puntual, intenta chegar uns minutos antes.

- Leva unha carpeta con todos os teus documentos e títulos, así como co currículo por se che fixera falta. Tamén sería conveniente que leves un caderno e un bolígrafo por se necesitas tomar algunha nota.

- Se che ofrecen bebida nunca pidas algo con alcohol.

- Non teñas medo de reflexionar uns intres antes de contestar.

Avaliando a execución da entrevista

O normal é que teñas varias entrevistas de traballo ao longo da túa busca. E cada vez que fagas unha, debes dedicar tempo a pensar o que fixeches ben e o que poderías mellorar para a próxima vez. Pensa en: a quen coñeciches, canto durou, que puntos tocaches, que puntos fortes mencionaches, que preguntas fixeches, estás contento da túa actuación, que preguntas te abraiaron...

6.2. DINÁMICAS DE GRUPO

Consisten en reunir a un grupo de candidatos (non máis duns 10-15) e poñerlles un problema que deben resolver relacionado cun tema de actualidade, de negocios, de empresa, social etc. Os participantes deben discutir a solución, mentres, o entrevistador adopta o papel de observador para avaliar nos candidatos capacidades como a toma de iniciativa, de razoamento, de convencemento, de liderado, de defensa das propias ideas ou a de comunicación.

Algunhas recomendacións que che serán útiles para enfrontarte a estas probas son:

- Non consideres os outros candidatos como inimigos.

- Lembra que o obxectivo é resolver o problema, non eliminar os outros candidatos.

- Defende os teus criterios con firmeza e loita por eles.

6.3. TESTS DE SELECCIÓN DE PERSOAL

En moitas ocasións, os procesos de selección para cubrir un posto de traballo comezan pola realización dalgún test de personalidade ou de intelixencia, entre outros. É unha maneira de filtrar, e así, entrevistar unicamente aos candidatos que puntuaron mellor nestas probas.

Tests de personalidade

Hai moitísimas probas de personalidade no mercado, aínda que diferentes entre si. En calquera caso, o que debes saber é que as probas de personalidade non convén preparalas, obterás mellores resultados se es complemente sincero. Moitas delas, incluso, inclúen escalas de sinceridade. Hai dous tipos fundamentais de probas de personalidade:

Probas proxectivas

Baséanse na presentación de estímulos ambiguos, aos que o suxeito debe responder dando a interpretación do que ve. Na resposta do suxeito queda reflectida a estrutura da personalidade. Unha das máis coñecidas é o Test de Rorschach ou test das manchas. Ao suxeito vánselle presentando unha serie de láminas, e ante a consigna "dígame o que ve" debe dar unha resposta completamente libre. O examinador valorará aspectos como o tempo de reacción, se tivo en conta a lámina en xeral ou algún detalle, se se lle atribúe movemento, se tivo en conta a cor... Nesta proba é moi difícil preparar as respostas, por iso, como xa che mencionamos anteriormente, o mellor é ser completamente sincero.

Tests introspectivos

Preséntanselle ao suxeito varias afirmacións referentes á personalidade, e el debe valorar en que medida se corresponden coa súa forma de ser. Xeralmente estas probas adoitan estar tipificadas, polo tanto, as

respostas son tratadas de forma numérica, co que se obtén un perfil concreto de personalidade. Como no caso anterior, tampouco convén mentir; inclúen escalas de sinceridade na maior parte dos casos.

Tests de aptitude

Estas probas tratan de medir habilidades e aptitudes. Algunhas céntranse na intelixencia xeral e outras en aptitudes específicas. Son probas nas que o suxeito obtén unha puntuación que o avalía segundo a poboación da súa mesma idade e nivel cultural.

Os tests de intelixencia xeral máis frecuentes consisten en presentar series de figuras para completar, analoxías, series de dominó, series de letras, de números... O fundamento destas probas consiste en que a intelixencia xeral ou coeficiente intelectual do suxeito repercute no resto das súas aptitudes.

Os tests de aptitudes específicas abranguen probas como o razoamento abstracto, numérico e verbal, aptitude para a mecánica, visión espacial, comprensión verbal, vocabulario, sintaxe, razoamento matemático...

Xa che comentamos que as probas de personalidade non é conveniente que as prepares, porén, as probas de aptitude é xusto o contrario, a práctica pode facer que mellores considerablemente na túa execución.

Probas profesionais

Son probas moi específicas dirixidas a valorar o dominio que o candidato ten das técnicas, instrumentos e coñecementos que deberá aplicar no posto de traballo. Estas probas non sempre están tipificadas, como no caso anterior, senón que xeralmente son elaboradas polos encargados de selección da propia empresa ou por algunha consultora. Aquí inclúense

as probas de mecanografía, de manexo de programas informáticos, de coñecementos teóricos sobre a materia que se debe dominar no posto de traballo etc.

Sen dúbida algunha, tamén son probas que debes preparar. Incluso para algunhas delas podes acudir a algunha academia.

Consellos prácticos

- Acude á proba descansado, relaxado e con tempo suficiente.

- Leva o teu propio material de escritura, aínda que adoita ser proporcionado polos responsables da realización da proba.

- A aparencia xeral e a indumentaria debe ser a dun profesional.

- Escoita atentamente as instrucións e se non entendes algo pregunta antes de que comece a proba.

- Os test de aptitude adoitan ter o tempo limitado. Comeza a traballar logo que se che dea o sinal.

- Hai que responder sinceramente e ter coidado coas chamadas "escalas de sinceridade", nas que aparecen formuladas as mesmas preguntas con distintas palabras.

- Non te desanimes se ao concluír o tempo concedido non fuches capaz de responder a todas as preguntas. Á maioría dos candidatos pasaralles o mesmo.

- As primeiras preguntas de cada proba acostuman a ser as máis doadas, con iso perséguese tranquilizar os candidatos e, dalgunha maneira, entretelos.

- Se te atascas nalgún ítem, non dediques demasiado tempo tratando de resolvelo, pasa ao seguinte e, se che sobra tempo, xa volverás sobre el.

- Toma todo como un xogo e intenta eludir o nerviosismo. Os resultados dos test non son definitivos nin únicos, senón un complemento do resto das probas.

- Non intentes copiar nin "soprar", poderías ser descualificado.

- Pódeste presentar a procesos de selección aínda que non esteas moi interesado, só para coller práctica na realización das probas.

- Non esperes a que comuniquen os resultados dos test. O psicólogo nunca os comentará.

7.1 O EMPREGO NAS NOVAS TECNOLOXÍAS

A expansión en poucos anos das novas profesións relacionadas coa informática e a telemática, resulta evidente.

O desenvolvemento das TIC está a revolucionar o mercado laboral ao enterrar profesións tradicionais e ao facer emerxer:

- Novas profesións

- Novas ocupacións

- Novos postos de traballo

7.1.1. NOVAS ACTIVIDADES OCUPACIONAIS RELACIONADAS COAS TIC

- As relacionadas coa fabricación, prestación, distribución e mantemento de equipos e servizos informáticos e de telecomunicacións.

- Todas as que facilitan o acceso das empresas e particulares á información a través da internet ou dos novos sistemas de información (WAP, UMTS...) e das novas formas de distribución desta información (TV por cable, satélite, dixital...).

- Actividades creativas, de producións multimedia, de novos servizos ás persoas e de comercio electrónico en todos os ámbitos da comunicación, o entretemento e a cultura.

- A educación e formación a distancia.

- A busca de emprego, selección de persoal e todos os servizos de asesoramento médico, xurídico, fiscal etc.

- As ocupacións relacionadas coa publicidade, o márketing, a comunicación, as relacións públicas, o deseño, os medios de comunicación e a internet.

- Todas as actividades ocupacionais que se derivan da expansión das TIC, tanto nas "empresas.com" como nas tradicionais son un novo viveiro de emprego cun grande impacto sobre o resto do mercado de traballo.

7.1.2. NOVAS PROFESIÓNS NAS TIC

Carreiras como as enxeñarías técnicas, enxeñarías superiores, Informática, Xornalismo, Comunicación Audiovisual ou estudos de deseño teñen un acceso directo ao novo mercado de traballo xerado coa internet. O importante é coñecer o novo medio, moverse ben nel e ter moitas ganas de descubrir e aprender cousas novas e poñelas en práctica.

Os profesionais da nova economía, aínda coa súa xuventude e inexperiencia, teñen moito co que contribuír ao mundo empresarial e poderíase dicir que por primeira vez na historia os fillos teñen algo que lles aprender aos pais no posto de traballo, xa que dominan máis doadamente as novas ferramentas das telecomunicacións.

As empresas virtuais que operan na rede son unha realidade en alza, e existen moitas oportunidades para atopar emprego.

O aproveitamento do filón de postos de traballo abertos pola internet, a informática e as novas tecnoloxías, e o seu uso crean profesións descoñecidas que están sometidas a unha reconversión permanente.

As novas profesións xurdidas pola informática e as comunicacións englóbanse en tres categorías:

Relacionadas cos elementos técnicos. Os profesionais da informática teñen dúas grandes áreas de actividade:

- Área de sistemas: abrangue a xestión e administración diaria dos sistemas informáticos das organizacións, dende os servidores centrais ata cada un dos terminais, pasando polas redes que permiten conectar todo o sistema entre si.

- Área de desenvolvemento: nela están o deseño e desenvolvemento de solucións informáticas para empresas, como a implantación de software para a xestión contable, o desenvolvemento dun sitio web etc.

A enorme demanda que a escala mundial existe no eido da programación medra día a día debido á irrupción das técnicas informáticas en todas as actividades humanas. Dende as funcións encomendadas ao Estado, ata a máis modesta aplicación empresarial, pasando polo deseño multimedia ou a publicación e comercialización mediante as autoestradas da información necesitan un software cada vez máis depurado para alcanzar os seus obxectivos. As opcións dos profesionais da programación son tales, que sería imposible enumeralas.

Relacionadas cos contidos. En moitas ocasións buscar o contido axeitado e saber vendelo é máis importante que coñecer toda a engrenaxe técnica da internet.

- Xorden empresas encargadas de definir que contidos necesita incluír unha empresa na súa páxina web e como estruturalos.

- O mantemento e actualización continua dos documentos son fundamentais na internet, xa que as noticias e as páxinas web vólvense obsoletas en moi pouco tempo. Os profesionais dedicados a isto, así como á verificación constante dos enlaces, datas de revalidación etc., son moi necesitados.

Vinculadas ao proceso de márketing. Teñen un gran futuro laboral, pero ademais dos coñecementos técnicos necesitan ter formación publicitaria. Entre os seus labores está probar con suxeitos experimentais como funciona a estratexia de navegación deseñada dentro dos espazos web das empresas e o seu grao de aceptación.

Administrador de sistemas informáticos

Este profesional será capaz de implantar e administrar sistemas informáticos en contornos monousuario e multiususario; implantar e administrar redes locais e xestionar a conexión do sistema informático a redes extensas; implantar e facilitar a utilización de paquetes informáticos de propósito xeral e aplicacións específicas; propoñer e coordinar cambios para mellorar a explotación do sistema e as aplicacións.

Pode traballar como:

- Técnico en mantemento de sistemas informáticos en contornos monousuario e multiusuario;

- Xefe de explotación de sistemas informáticos en pequenas e medianas empresas;

- Administrador de redes de área local;

- Técnico en información e asesoramento en sistemas e aplicacións informáticas;

- Asesor de sistemas informáticos.

O seu traballo céntrase fundamentalmente nas funcións de servizo técnico: instalación, mantemento, explotación e soporte técnico ao usuario.

Exerce as súas funcións no departamento de informática de distintas empresas ou en empresas dedicadas a servizos informáticos.

Analista informático

Depende directamente do xefe de proxectos dun departamento de informática e asumen a responsabilidade técnica.

O seu traballo consiste en:

- Estudar os encargos de aplicacións para internet ou de software novo.

- Decidir como e con que ferramentas informáticas se deben facer.

- Dar instrucións aos programadores para que fagan a aplicación.

Un analista con experiencia é un dos perfís profesionais máis buscados actualmente.

Especialista en microelectrónica

É un profesional da electrónica, con enormes posibilidades profesionais, tanto en traballos autónomos como por conta allea.

Debe ter unha visión bastante completa dos circuítos básicos, a partir dos cales se fabrican todos os aparatos electrónicos (radios, televisores, alarmas, emisoras, amplificadores de son etc.).

Pode traballar en calquera rama da electrónica, como radio e televisión, alta fidelidade, telefonía, electrónica do automóbil, microprocesadores etc.

Experto en electrónica dixital

Pertence á rama profesional da electrónica e teñen enormes posibilidades profesionais tanto en traballos autónomos como por conta allea.

Debe coñecer a complexidade de todos os circuítos básicos dixitais (operadores, básculas, rexistros, memorias...), a partir dos cales se constrúen todos os aparellos electrónicos dixitais.

Traballa na montaxe e reparación de aparatos electrónicos dixitais, e mesmo no deseño dalgúns aparatos de complexidade media.

Explotador de sistemas informáticos

Está capacitado para instalar e manter servizos de redes; instalar e manter equipos e sistemas informáticos en contornos monousuario e multiusuario; instalar e manter servizos da internet; realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller.

Pode traballar como:

- Técnico en mantemento de sistemas informáticos en contornos monousuario e multiusuario;

- Técnico en mantemento de servizos da internet;

- Técnico en mantemento de redes de área local;

- Técnico de vendas de TIC para sectores industriais.

Técnico en help desk

Calquera empresa de envergadura soporta hoxe en día unha gran carga de aplicacións informáticas e hardware: paquetes ofimáticos, ordenadores, impresoras, bases de datos, servidores... Se falla algún destes elementos chámase ao técnico en help desk, cuxa función consiste en escoitar os problemas técnicos que teñen os usuarios, interpretalos coa maior brevidade e dar unha solución.

Fisicamente acostuma situarse no departamento de informática, dentro do equipo de soporte a usuarios. Non obstante, cada vez máis pemes

recorren a empresas especializadas en help desk para exteriorizar estes servizos.

Segundo a actividade da empresa as súas funcións centraranse en:

- Soporte en programas informáticos. Moitas empresas utilizan paquetes ofimáticos estandarizados, se hai algún problema con estas utilidades, resólveno.

- Mantemento de bases de datos de clientes ou correo. Cando un empregado se incorpora a unha empresa asígnaselle unha clave de usuario, un password e establécense as áreas ás que ten acceso.

- Servidores e redes. Cando falla o cerebro de todo o sistema informático os help desk dan apoio aos expertos en redes.

- Adicionalmente, tamén se poden encargar das incidencias ocorridas nas centraliñas telefónicas.

O posto de help desk pode ser un bo inicio no mundo laboral para os estudantes de informática. A partir dos dous anos de experiencia como técnico en help desk pódese aspirar a ser responsable dunha área de soporte ou mesmo coordinador de zona. Máis adiante, e coa formación adecuada, unha boa saída profesional é a de consultor ou incluso xefe de proxecto.

Técnico de masterización

É un técnico de son especializado en realizar a montaxe final dunha gravación de son, xeralmente CD de música, pero tamén outro tipo de produtos.

O mastering de son é o último que se fai no proceso de produción dun disco. Os pasos previos son a gravación, posprodución dixital e a mestura.

- Na fase de gravación, rexístrase por separado o son dos diferentes instrumentos e voces de cada canción.

- Na posprodución dixital retócanse e corríxense os erros de gravación: dende as pequenas interferencias dun amplificador, ata o feito de que un dos músicos tocara a peza nun tempo lixeiramente diferente a como a interpretou o resto do grupo.

- Na fase de mestura únese o son das voces e instrumentos de cada peza musical. Na masterización trabállase cada unha das pezas para conseguir que o son de todo o disco sexa homoxéneo, de forma que o CD soe harmonioso e ben conxuntado.

O técnico de masterización é o especialista que se encarga de levar a cabo esta parte final. Para iso, debe escoitar unha e outra vez cada peza, fragmento a fragmento, e ir axustando cada pista ata conseguir a máxima coherencia acústica para que o CD en bloque soe perfecto.

A principal saída laboral destes profesionais atópase nos estudos de gravación. A demanda é alta, xa que realizan unha actividade especializada á que se chega tras anos de experiencia noutros postos.

Deseñadores multimedia

A actividade destes profesionais atópase entre a arte e a informática.

Encárganse de dar forma aos produtos multimedia, dende páxinas web ata CD-ROM e animacións interactivas. Crean a imaxe gráfica e dispoñen os elementos para conseguir unha navegación o máis agradable, doada, rápida e atractiva posible. Habitualmente, están coordinados por un director de arte, non obstante, hai moitas empresas nas que se confía neles para todo o relacionado coa internet.

Moitos deles son autodidactas e proceden de eidos tan variados como matemáticas, xornalismo ou algunha enxeñaría. Porén, para realizar un traballo de calidade é moi útil dispoñer de formación en deseño gráfico tradicional, tipografía, teoría da cor ou belas artes.

Os deseñadores multimedia deben dominar:

- A internet e os contornos interactivos.

- A imaxe dixital e a animación en tres dimensións.

- Multimedia. A creación multimedia non é só a parte gráfica, tamén está a experimentación con sons e vídeos, polo que o deseñador multimedia débese desenvolver en cuestións musicais e en narración audiovisual.

Atopan a súa saída profesional en empresas de novas tecnoloxías, formación, empresas de animación 2D e 3D, e-commerce, comunicación (editoriais, prensa, televisión, cine), arte dixital, audiovisuais, estudos de deseño, márketing e publicidade.

Deseñadores de páxinas web, webdesigner

Son especialistas do deseño na internet. Definen a imaxe e o deseño das páxinas web. O seu labor é fundamental para atraer ao navegante da rede e amosar a imaxe da empresa que desexa o departamento de márketing.

Deben traballar en colaboración con quen deseña a imaxe da empresa e ofrecer ideas e coñecementos.

O seu perfil é o dunha persoa creativa que pode ser solicitada por calquera empresa que teña ou queira ter presenza na internet.

Deseñadores de portais na internet

Teñen como misión a optimización de enlaces e o rendemento das páxinas web. Son persoas con gran coñecemento do mercado e visión de futuro.

A súa formación debe ser técnica, con coñecementos de html, programas de deseño web e márketing.

Adoitan ser requiridos por empresas tecnolóxicas e consultoras.

Webmaster

É a persoa que coordina ao equipo de programadores e técnicos en telecomunicacións. É un posto moi solicitado polas empresas.

O carácter deste profesional é o dunha persoa con iniciativa, dinamismo e disposta a formarse continuamente.

Requírese moita dedicación e valórase moito o coñecemento de inglés.

Formador en liña

Dá servizos formativos a clientes e difunde coñecementos a través da rede.

Debe ser experto no tema que ensine e hábil en manexar a rede. O seu perfil é o dunha persoa comunicadora.

Consultor en liña

Dedícase á consultoría estratéxica a través da internet, debe ter formación en económicas ou empresariais, con coñecemento das novas tecnoloxías.

É unha persoa con dotes de comunicación e capacidade de análise. É unha profesión requirida por consultoras.

Especialista en márketing da internet

Encárgase de poñer en marcha estratexias de márketing en liña. A súa formación é de licenciado superior en Márketing, Publicidade e Internet.

Debe ser unha persoa innovadora, coñecedora dos clientes actuais e dos potenciais. Son requiridos por empresas con presenza ou futura presenza na rede.

Xerente en e-business, Business developers

Dirixe equipos multidisciplinares e son os encargados de xerar novos negocios. Adoitan ter unha combinación de formación técnica e empresarial.

Son consultores, pero sobre todo, son directores de negocio.

Websurfer

É a persoa encargada de rastrexar a rede na busca de contidos para a súa posterior clasificación. Tamén recolecta enderezos en índices temáticos.

É unha figura popular na rede á que non se lle esixe ningún tipo de estudos específico.

Documentalista, Content-manager

Encargado de dotar as páxinas de contido e de mantelas actualizadas. Redacta e busca contidos. Este posto adoita ser ocupado por licenciados en Xornalismo.

Experto en seguridade na internet

Existen campos nos que se require a especialización dos informáticos máis puros, como por exemplo, a seguridade da rede, a configuración de redes de traballo e a xeración de bases de datos con alto volume de información.

Dedícase á protección e defensa contra os ataques de hackers e a protección de datos persoais.

Experto en robótica

Os robots requiren expertos na súa comercialización, mantemento, optimización e control.

Actualmente, a robótica é unha titulación de segundo ciclo universitario dentro da Enxeñaría Industrial, pero tamén se poden cursar ciclos de FP de especialización en Automática e Robótica.

A formación do enxeñeiro en robótica debe permitir o recoñecemento de sinais, a visión artificial por ordenador, a álxebra de vectores, matrices e tensores, e o dominio da trigonometría.

Máis que crear robots, o que debe é saber adaptar a robótica aos procesos tradicionais de produción.

Un robot industrial é unha máquina manipuladora, reprogramable e de propósito xeral con tres ou máis eixes programables.

Pronto haberá millóns de unidades robot en ámbitos tan novos como a enerxía, a agricultura, a minería, a alimentación, a medicina, xunto cos máis consolidados sectores do automóbil, química, petróleo, carbón, caucho e plástico.

Técnico e experto en comunicación audiovisual

É un profesionais da comunicación audiovisual, orientado cara aos novos medios (internet, páxinas web, televisión...). Teñen unha formación axeitada no eido da elaboración informativa e da creación, produción e realización nos diversos medios de comunicación audiovisual.

O funcionamento complexo da nosa sociedade sería impensable sen a intervención dos medios audiovisuais, xa que engloban boa parte da creación cultural, inciden no funcionamento do sistema político, estimulan novas economías, conforman hábitos, gustos sociais etc.

O crecemento do sector audiovisual multiplicou postos de traballo e especializacións en diferentes ramas. Esta tendencia continuará nos próximos anos ante a innovación constante da tecnoloxía audiovisual.

Pode desenvolverse como realizador de televisión e de radio, coordinador, director de repartimento, de arte, de proxectos audiovisuais, fotografía ou cine, multimedia e telemática, experto produtor de cine, televisión ou radio e produtos multimedia, crítico cinematográfico e audiovisual, docencia, documentación informativa etc.

Documentalista dixital

Na presente sociedade do coñecemento os documentalistas traballan en formato dixital.

O documentalista é a persoa que analiza e xestiona a información con ferramentas e criterios profesionais.

Algunhas das súas principais funcións son:

- Seleccionar a información máis adecuada ás necesidades dos usuarios, valorando o custo e o rendemento que terán para eles. Pode responsabilizarse tamén da negociación de dereitos de uso e copyrights, un aspecto cada vez máis importante na internet.

- Controlar o universo informativo.

- Darlle á información un valor engadido a través do seu control e tratamento e facilitar que os usuarios poidan recuperala e utilizala ordenadamente e de xeito eficaz.

Nos novos soportes electrónicos a estruturación dos contidos adquire unha importancia fundamental.

A creación e xestión de bases de datos é clave en todo este proceso, así como o control das vías de acceso á información a través da internet.

Deben coñecer as últimas ferramentas tecnolóxicas para a xestión da información.

Os documentalistas con coñecementos sólidos no ámbito das TIC adoitan atopar emprego sen problemas. As saídas profesionais clásicas atópanse tanto en entidades que emiten información como en organizacións que a consumen. Poden traballar como:

- Directores de sistemas, servizos ou unidades de información de grandes dimensións.

- Directores de centros de información especializada.

- Responsables de produtos en empresas de servizos documentais.

- Consultores nas TIC e documentación.

- Xefes de proxectos de información e documentación.

- Xefes de información e documentación nas organizacións.

Experto en usabilidade

Ten como función que o sitio web para o que traballa sexa doado de utilizar e satisfaga as expectativas do usuario.

Adoita integrarse no departamento de deseño, márketing ou de tecnoloxía dunha empresa.

Dependendo da organización na que traballe encárgase basicamente de:

- Idear e executar os test a usuarios: consiste en escoller a diferentes persoas cun perfil previamente definido para que realicen algunhas tarefas concretas no web. Así mídese a facilidade con que os usuarios o utilizan.

- Realizar test heurísticos: a diferenza do anterior, esta vez son os expertos os que avalían o web partindo duns principios xerais que emanan dunha disciplina pouco coñecida no noso país, o HCI ou interacción persoa-ordenador.

- Organizar a arquitectura da información, é dicir, estruturar todos os contidos e servizos da páxina. Cal é a forma máis lóxica de organizala? Como a atopará máis facilmente o usuario? Define as seccións e subseccións do sitio e o que conten cada un deles.

- Coñecer mediante técnicas de investigación de mercado o público obxectivo dun sitio web e a súa competencia.

Estas técnicas aplícaas participando activamente no desenvolvemento das novas aplicacións e dos sitios webs. Decide cal é a mellor situación dos botóns, enlaces, banners publicitarios... e incluso a navegación xeral da páxina. O día a día complétase con avaliacións periódicas da usabilidade das diferentes funcionalidades do web.

As perspectivas profesionais son moi boas e destacan as grandes empresas que operan na internet, os bancos, as grandes consultoras e empresas específicas que lles dan este servizo a outras empresas.

Os titulados en Ciencias Sociais son os que copan a maior parte destes postos de traballo. Os psicólogos, antropólogos, xornalistas, deseñadores e programadores tamén souberon facerse un oco.

Experto en aplicacións de telefonía móbil

É unha persoa con coñecementos web, deseño gráfico ou industrial, informática, telecomunicacións e videoxogos.

O seu traballo consiste no desenvolvemento de solucións gráficas e funcionais para móbiles: deseño de interfaces, presentacións interactivas, estudo de aplicacións etc.

Xestor de bibliotecas dixitais

É un profesional capaz de xestionar o desenvolvemento de proxectos de implantación de bibliotecas dixitais dende as tres perspectivas fundamentais: tecnolóxica, de xestión bibliotecaria e a dos usuarios.

Xestor de contidos dixitais

Na actualidade as empresas están inmersas nun grande alude de información que dificulta o seu procesamento e xestión. Este profesional debe:

- Identificar, xestionar e seleccionar a información que chega ou se xera na empresa.

- Integrar a xestión da información e das tecnoloxías coa estratexia da empresa.

- Transmitir coñecementos e incorporar a tecnoloxía nos procesos de información e documentación.

- Aplicar as novas tecnoloxías na edición, deseño e xestión dos contidos da internet.

Xornalista dixital

O xornalismo dixital supón bastante máis que escribir na internet. Calquera persoa que faga contidos e os difunda a través de soportes dixitais pode chegar á opinión pública sen recorrer aos medios de comunicación. Este feito alarmou os que aspiran a gañar a vida informando na internet.

Existen cursos específicos de xornalismo na rede, pero a maioría dos traballadores deste sector son licenciados en Ciencias da Comunicación. Os medios electrónicos buscan persoal dun nivel cultural medio-alto, preferentemente con experiencia laboral en medios de comunicación e con especialización nun tema concreto: tecnoloxía, cine, economía...

O dominio do inglés e os coñecementos de informática son imprescindibles.

Necesitan as mesmas virtudes que os xornalistas de toda a vida (rigor, capacidade de análise, curiosidade, dinamismo...), pero tamén deben ter en conta outras cuestións:

- Afección pola internet: os profesionais da rede acostuman ser tamén apaixonados internautas nos seus momentos de lecer.

- Adaptación tecnolóxica: débense acostumar rapidamente a calquera tecnoloxía. As redaccións dixitais adoitan renovar os seus equipos e programas informáticos con moita frecuencia.

- Capacidade de aprendizaxe: internet medra dun xeito tan rápido que hai que estar á última en canto ás tendencias e rutinas do medio.

- Comunicación co usuario: a rede é unha canle idónea para recibir continuamente a opinión dos lectores. O xornalista debe ter moi en conta as súas mensaxes para saber que lles interesa e informar diso.

E-avogado

É o especialista en dereito das novas tecnoloxías, asesora a empresas e particulares sobre as implicacións legais do uso das TIC. As súas funcións engloban diversas áreas de actividade:

- Contratación de software informático;

- Protección de datos persoais;

- Propiedade intelectual e industrial;

- Servizos de telecomunicacións;

- Comercio electrónico etc.

Actualmente, a función clave do especialista en dereito das TIC é a asesoría preventiva, é dicir, analizar que uso se está a facer na empresa dos datos de carácter persoal e determinar se se está a incumprir algunha normativa. Trátase de que a compañía saiba que riscos está asumindo e decida sobre eles.

Unha vez establecida a situación da compañía respecto ao uso da información, a función principal do e-avogado será a de estudar dende o punto de vista xurídico cada novo proxecto tecnolóxico e, chegado o caso, defender a compañía ante calquera acusación de ilegalidade.

Ademais de formación xurídica, debe coñecer en profundidade todo o relacionado coa protección de datos, confidencialidade da información, e propiedade intelectual e industrial.

O idioma inglés, e coñecer o mundo da internet son requisitos imprescindibles. Unha das opcións para adquirir a formación necesaria é a dos másters e cursos de posgrao en Dereito e Novas Tecnoloxías.

Actualmente, a principal actividade destes profesionais está na protección de datos de carácter persoal. Ante as multas millonarias que xa impuxo a Axencia de Protección de Datos son moitas as empresas que están demandando especialistas para "poñer en orde" os seus ficheiros, como as entidades financeiras, operadoras de telecomunicacións e grandes empresas de servizos. O outro gran campo de actividade está no comercio electrónico.

Especialista en domótica

É o que deseña e instala a domótica dun edificio.

Enténdese por domótica o conxunto de sistemas capaces de automatizar unha vivenda, con servizos de xestión enerxética, seguridade, benestar e comunicación, integrados por medio de redes interiores e exteriores de comunicación, con ou sen fíos, e cuxo control se pode realizar dende dentro e fóra do fogar.

Poderíase definir como a integración da tecnoloxía no deseño intelixente dun recinto.

As vivendas incorporan, cada vez máis, todo tipo de automatismos: persianas eléctricas, reguladores de intensidade de luz, termóstatos dixitais para o control da calefacción ou o aire acondicionado, toldos que se recollen de forma automática para previr roturas polo vento, detectores de incendios ou gases que cortan a subministración para evitar

accidentes e un longo etcétera xa que non soan a ciencia ficción, senón que aparecen con frecuencia nos pregos de condicións de promocións das vivendas habituais.

Especialista en inmótica

Este especialista xestiona os chamados edificios intelixentes.

Por inmótica entendemos a incorporación ao equipamento de edificios de oficinas, edificios corporativos, hoteleiros, empresariais e similares de sistemas de xestión técnica automatizada das instalacións, co obxectivo de reducir o consumo de enerxía, aumentar o confort e a seguridade destes.

Entenderemos que un edificio é "intelixente" se incorpora sistemas de información en todo o inmoble, para ofrecer servizos avanzados de telecomunicacións, con control automatizado, monitoraxe, xestión e mantemento dos servizos do edificio.

A automatización permite supervisar e controlar confortablemente dende un PC as alarmas dos sistemas que compoñen a instalación. A inmótica integra a domótica dentro dunha estrutura en rede.

Outros postos de traballo ligados ás TIC

- Expertos en interconexión de sistemas "complexos";

- Expertos en telediagnóstico e teleaxuda;

- Expertos en traballo a distancia;

- Analistas programadores con coñecemento de determinados sectores (programador experto de sector);

- Proxectistas e controladores de redes (para telecomunicacións, redes de datos e cable de TV);

- Proxectistas e controladores de bancos de datos;

- Expertos en telemática de servizos de valor engadido (servizos audiomáticos e videomáticos para vender ás empresas);

- Enxeñeiros de construción con coñecementos telemáticos, experto en instalar os cables de grandes cidades;

- Responsables de informática, experto informático de organización;

- Enxeñeiros do coñecemento (proxecta, xestiona, pon ao día sistemas expertos);

- Expertos en seguridade de bancos de datos;

- Técnicos expertos DAO-FAO (uso do ordenador para debuxar, proxectar, elaborar especificacións para a produción);

- Proxectistas de soportes gráficos e escritos (para libros, vídeos, bancos de datos en disco compacto, etc.);

- Expertos en GIS (graphic information system), bancos de datos para a xestión do territorio;

- Enxeñeiros especializados en radiotécnica e microondas (para telecomunicacións móbiles);

- Operadores de telecomunicacións intercontinentais;

- Consultores especializados en compra de sistemas informáticos e telemáticos;

- Bioinformáticos (experto en biochips).

7.2. O EMPREGO E A LEI DE DEPENDENCIA

A aposta pola consolidación do estado de benestar é tamén unha aposta polo emprego.

A Lei de dependencia disparou nun 95% a previsión de emprego no sector da atención sociosanitaria e configúrase como un dos maiores viveiros de emprego nos países avanzados.

Segundo o Libro branco da dependencia, a aplicación desta lei producirá:

- Novos empregos que se crearán nos ámbitos público e privado polo desenvolvemento dos programas de atención. Apúntase unha cifra duns 300.000 empregos directos.

- Liberación de man de obra hoxe apartada, total ou parcialmente, do mercado laboral, por estar dedicada ao coidado de persoas dependentes e que poderán incorporarse á vida laboral.

- Afloramento de empregos que na actualidade se veñen realizado de forma somerxida ou irregular.

- Maior eficiencia noutras prestacións (sanitarias ou económicas) que na actualidade véñense cubrindo de forma subsidiaria, desigual e incoherente.

Abordar de forma axeitada a atención das persoas en situación de dependencia supón incrementar a oferta de prazas en residencias, centros de día e a expansión dos servizos de axuda a domicilio e de teleasistencia, o que supón a xeración dun número moi importante de empregos.

Ademais, a maioría deses empregos beneficiarán a colectivos que teñen especiais dificultades de inserción laboral (mulleres, traballadores con escasa cualificación, desempregados de longa duración, mozos en busca do seu primeiro emprego e traballadores de máis de 45 anos).

A posta en marcha da rede de residencias, centros de día, axuda a domicilio e asistencia persoal para a autonomía requirirá de novos profesionais con diferentes perfís.

7.2.1 EMPREGOS DIRECTOS

PROFESIONAIS DE COIDADOS E ATENCIÓN PERSOAL DIRECTA

Nos últimos anos, factores como o avellentamento da poboación, os adiantos tecnolóxicos asociados aos coidados sanitarios, o aumento dos servizos sanitarios privados e a ampla cobertura dos públicos sitúan a estes profesionais cunha boa perspectiva de traballo.

Auxiliar de enfermería

O auxiliar de enfermería é o profesional sanitario encargado de lle proporcionar coidados auxiliares ao paciente e actuar sobre as condicións sanitarias do seu contorno, baixo a supervisión do enfermeiro ou do facultativo médico.

Ademais dos coñecementos sanitarios, debe reunir algunhas características como a paciencia, o interese polos demais ou a empatía, e a ser posible forza física, axilidade e resistencia para lles axudar aos enfermos a moverse.

Entre as súas funcións principais destacan:
- Facer as camas dos enfermos.
- Realizar o seu aseo e limpeza cando o requira a súa situación física.
- Servir a comida.
- Darlles de comer a aqueles que non poidan facelo por si mesmos.
- Administrar medicación por indicación do persoal auxiliar sanitario titulado.
- Colaborar con este na recollida de datos termométricos ou sintomáticos dos pacientes.
- Manter, conservar e limpar o material sanitario.

Formación necesaria: en FP, a través da familia de estudos de sanidade, hai un ciclo formativo de grao superior de coidados paliativos, mediante o cal se obteñen os coñecementos e capacidades necesarias para levar a cabo curas, asistencia e primeiros auxilios.

Tamén hai cursos de formación ocupacional de auxiliar de enfermería en centros privados, poden ser a distancia ou de forma presencial.

O auxiliar de enfermería pode traballar como membro dun equipo de enfermería nos centros sanitarios de atención especializada e de atención primaria, nunha consulta médica privada ou nos domicilios das persoas que requiran dos seus servizos.

Auxiliar de axuda a domicilio

A súa función é atender o asistido nos ámbitos físico, psíquico e social; en tarefas de alimentación, hixiene, sanitarias e administrativas seguindo as pautas dadas polo equipo de profesionais.

Estes traballadores deben ampliar a súa formación con cursos de:
- Planificación, desenvolvemento e seguimento de casos asistenciais.
- Nutrición e dietética.
- Hixiene e seguridade persoal.
- Limpeza e coidados do fogar.
- Prevención e atención socio-sanitaria.
- Recursos sociais e integración social.
- Técnicas e soportes de xestión e administración básica.

Auxiliar de rehabilitación

Son os encargados de lles dar apoio aos fisioterapeutas no seu labor diario de atención e asesoramento ao paciente.

Necesita coñecementos de:
- Anatomía e fisioloxía humana dende a perspectiva da rehabilitación.
- Farmacoloxía.
- Patoloxías susceptibles de ser sometidas a técnicas de rehabilitación.
- Técnicas de rehabilitación fisioterapéutica, así como a súa aplicación.

Auxiliar de xeriatría

Debido ao incremento da poboación da terceira idade, esta profesión ofrece numerosas oportunidades no mercado laboral. Poden traballar en residencias, hospitais, fogares etc.

Están capacitados para asistir as persoas maiores nas actividades da vida diaria e na súa vixilancia.

Necesita coñecementos de:
- Enfermidades que máis lles afectan aos anciáns e os coidados que a súa saúde require.
- Prevención da aparición de problemas potenciais.
- Habilidades necesarias para participar en actividades de educación para a saúde.
- Métodos para a colaboración e axuda na administración de tratamentos.

Peiteado

A Lei de dependencia débelles dar servizo a usuarios de todo tipo e condición, é un dos máis destacados é o de peiteado.

Cada vez é máis importante o coidado da imaxe das persoas dependentes e, ademais, está comprobado que mellora en moitos casos a animosidade destas persoas. Os seus servizos son imprescindibles en hospitais, xeriátricos e atención domiciliaria.

Este profesional fórmase nun curso específico de FP de grao medio e está capacitado para:
- Realizar tratamentos estéticos das alteracións capilares e aplicar técnicas de hixiene capilar.
- Cambiar total ou parcialmente a cor do cabelo.
- Cortar o pelo e aplicar técnicas de arranxo e rasurado de barba e bigote.
- Aplicar técnicas de manicura e pedicura.

PROFESIONAIS CUALIFICADOS

Médico

Son os profesionais que deciden os tratamentos para seguir polos pacientes. Son os únicos que poden diagnosticar.

Son os que ditaminan o grao de dependencia das persoas que requiren acceder aos servizos que ofrece a Lei de dependencia.

O obxectivo da carreira, que é unha licenciatura de seis anos, é o mantemento da saúde, e a recuperación e rehabilitación das persoas discapacitadas para a súa integración ao medio social.

Son profesionais capacitados para o diagnóstico e tratamento dos enfermos, a prevención das enfermidades e a adaptación aos cambios epidemiolóxicos, científicos e tecnolóxicos.

Teñen un gran coñecemento en procesos biolóxicos básicos, ciclo vital, anatomía, morfoloxía, fisioloxía, patoloxía e todos aqueles factores que contribúen a manter, preservar e recuperar a saúde.

Tarefas ou actividades específicas que realizan os médicos:
- Levan a cabo consultas programadas.
- Realizan un exame físico ao paciente.
- Planifican o estudo do paciente e determina o tratamento para seguir.
- Resolven patoloxías e receitan medicamentos adecuados ao caso.
- Diagnostican precozmente, é dicir, identifican problemas de saúde de xeito temperán.
- Solicitan axuda especializada cando é pertinente.
- Levan a cabo o manexo inicial de emerxencias.
- Atenden visitas domiciliarias.
- Realizan labores cirúrxicos.
- Determinan e fan o seguimento da rehabilitación do paciente.

- Brindan coidados paliativos e de acompañamento individual e familiar no proceso de morte.
- Efectúan programas de prevención e fomento da saúde a nivel individual e comunitario.
- Administran e xestionan equipos de traballo.
- Realizan traballos de investigación etc.

Enfermeiro

É o profesional que fai de intermediario entre o médico e o enfermo:
- Proporciona asistencia a todas as persoas que acoden a un hospital ou centro de saúde.
- Encárgase de administrar medicamentos.
- Practica curas e análises.
- Vixía a evolución da enfermidade.

Perspectivas laborais: a saída profesional máis frecuente é o traballo en hospitais, clínicas e ambulatorios tanto privados, como dependentes da Seguridade Social. Igualmente, existen moitos profesionais que optan polo traballo nos servizos sanitarios das empresas. Tamén poden exercer libremente a profesión, xeralmente en forma de prestación de asistencia a domicilio.

Aos traballos no ámbito hospitalario hai que unir a actividade que pode desenvolver en ámbitos rurais en canto a prevención, asistencia e educación sanitaria; e no medio urbano, especialmente en centros de promoción da saúde, colexios e escolas de enfermería.

Psicólogo

Son profesionais especialistas na análise da conduta das persoas e os colectivos, baseándose na observación do desenvolvemento do home e a súa evolución en canto ao seu aspecto físico, intelectual, emotivo e de socialización.

Estes profesionais son moi requiridos nos tratamentos de persoas dependentes e os seus servizos son necesarios tanto para os enfermos como para os seus familiares.

Hai varias especialidades:
- Psicoloxía Social e do Traballo, cuxas actividades son a formación e asesoramento de traballadores, adaptación e introdución de novas técnicas, análise de postos de traballo, formación de equipos de traballo, procesos de selección de persoal...

- Psicoloxía Evolutiva e da Educación, cuxa ocupación é a actividade pedagóxica e de orientación escolar. Realizan funcións de medición da intelixencia, clasificación topolóxica, test de personalidade, desaxustes e desfases escolares...

- Psicoloxía Clínica, cuxa ocupación é o tratamento de toxicomanías ou problemas de adiccións, trastornos da linguaxe, rehabilitación psicosocial ou terapia familiar e de parella... Poden traballar en clínicas privadas ou públicas, e en centros especializados.

Psicopedagogo

Este profesional dedícase a:
- Avaliación dos procesos de ensino;
- Aprendizaxe nos casos de necesidades educativas especiais;
- Asesoramento á diversidade;
- Uso de técnicas e instrumentos;
- Orientación en xeral.

O seu principal cometido é o asesoramento en técnicas escolares de educación e didáctica.

As súas funcións profesionais pode desenvolvelas no sector do ensino a todos os niveis, en gabinetes psicopedagóxicos, en centros psiquiátricos,

centros de inserción social, departamentos de orientación profesional, e organismos de cooperación e desenvolvemento.

No caso de persoas dependentes poden realizar traballos de recuperación de habilidades ou de mantemento.

Sociólogo

Os sociólogos estudan os efectos que un fenómeno determinado ten sobre un grupo de persoas. Son profesionais que traballan coa Administración pública e a empresa privada para analizar as tendencias sociais, a súa repercusión na vida das persoas, adiantar os servizos que se requirirán nun futuro e a cuantificación dos custos destes.

Moitos dedícanse á investigación, pero é usual que combinen esta actividade coa docencia. Un sector que demanda un número importante destes profesionais é a política, onde realizan funcións de:
- Asesoría.
- Estudo dos sectores de poboación.
- Investigación de tendencias na sociedade.
- Preveñen as reaccións da sociedade no seu conxunto ou en sectores particulares ante decisións determinadas, é dicir, miden a opinión pública.

Tamén son reclamados por medios de comunicación e empresas privadas.

En grandes empresas desenvolven a súa actividade profesional nos departamentos de Recursos Humanos e Márketing, realizan funcións de selección de persoal, comunicación interna, consultoría de Recursos Humanos, formación de persoal, negociación, investigación de mercados, publicidade etc.

Terapeuta ocupacional

Un dos aspectos que coida a Lei de dependencia é a promoción da autonomía persoal, e son estes profesionais os que axudan as persoas con algunha discapacidade a recuperarse.

Deseñan actividades que permiten que as persoas poidan desenvolverse en aspectos da vida cotiá como:
- Hixiene.
- Alimentación.
- Vestido.
- Deambulación.
- Transporte.
- Traballo.
- Relacións sociais.
- Ocio.

Fisioterapeuta

A Fisioterapia é a ciencia do tratamento a través de medios físicos, exercicio terapéutico, masoterapia e electroterapia. Ademais, inclúe a execución de:
- Probas eléctricas e manuais para determinar a afectación de lesións e a forza muscular.
- Probas para determinar as capacidades funcionais, a amplitude do movemento articular e medidas da capacidade vital.
- Axudas diagnósticas para o control da evolución.

Os fisioterapeutas atópanse ligados aos eidos da pediatría, tratamento do deporte, traumatoloxía e postraumatoloxía, recuperación en accidentes, reumatoloxía, neuroloxía e xeriatría.

Masaxista

Para a recuperación da calidade de vida de moitos enfermos crónicos os médicos aconsellan un tratamento apoiado por masaxes.

Hoxe en día existen cursos que proporcionan a formación necesaria para dominar as técnicas da masaxe e introducirse profesionalmente neste mundo. Os masaxistas teñen que:

- Recoñecer e tratar todas aquelas doenzas que melloran coa masaxe terapéutica.
- Ter destreza, axilidade e a harmonía necesarias para aplicar a masaxe en relación coas distintas técnicas e movementos.
- Recoñecer todas as zonas do corpo (anatomía e fisioloxía).
- Aplicar técnicas terapéuticas.
- Coñecer técnicas que se aplican na masaxe deportiva.

Odontólogo

O envellecemento da poboación e a mellora na calidade de vida que contempla a Lei de dependencia fan que estes profesionais sexan imprescindibles.

O odontólogo ou dentista é un profesional capacitado para levar a cabo un conxunto de actividades de prevención, atención, diagnóstico e tratamento das patoloxías e alteracións bucodentais.

O traballo do odontólogo require ter uns sólidos coñecementos teóricos da anatomía da boca e tamén das técnicas de tratamento e ortodoncia, polo que deben manter unha formación continua para estar ao día dos avances no seu sector.

A carreira de Odontoloxía é unha licenciatura. O título de Odontoloxía está vixente dende o ano 1986. Até entón, os dentistas debían cursar os estudos de medicina e, posteriormente, cursos de especialización dentro da área de estudo do aparato dixestivo. Agora, unha mesma

actividade profesional (a de dentista) poden realizala tanto os médicos estomatólogos (médicos especialistas en Estomatoloxía) como os odontólogos.

Os estudos universitarios de Odontoloxía teñen unha forte carga lectiva, polo que están indicados para persoas con gran capacidade para o estudo. Ademais é aconsellable que sexan persoas con destreza manual, xa que, acotío, deberán facer pequenas reparacións na dentadura, traballando nun reducido espazo e con pezas de pequeno tamaño.

Calidades que deben reunir: requiren ter vocación, dedicación e unha especial disposición para a atención sanitaria das persoas.

As principais saídas laborais atópanse nas consultas e clínicas dentais, e nos centros de saúde dental da sanidade pública.

O máis habitual é que os odontólogos leven a cabo o exercicio libre da súa profesión e atendan aos seus pacientes en clínicas dentais propias ou propiedade de varios dentistas.

Hoxe en día, cobra forza a actividade de tipo preventivo. Neste caso o dentista forma parte dun equipo multidisciplinar de profesionais da saúde pública.

Protético dental

O seu labor é:

- Deseñar, fabricar, reparar e adaptar as dentaduras postizas e outros aparatos que substitúen a falta dun ou varios dentes.
- Realizar os aparatos de ortodoncia para corrixir as desviacións na dentadura.

O protético dental realiza o seu traballo por prescrición dun facultativo clínico, xa sexa un odontólogo, estomatólogo ou cirurxián maxilofacial.

O seu cometido é recibir as indicacións para realizar os aparatos adaptados á boca de cada persoa.

A súa titulación é de FP de grao superior. Os estudos cúrsanse ao longo de 2.000 horas durante dous anos en centros públicos e privados. O plan de estudos componse de oito módulos teóricos e un práctico, pois a habilidade e a experiencia son moi valoradas á hora de atopar traballo.

O seu traballo ten un elevado grao de precisión, pois debe crear e implantar un produto que non se realiza en serie, senón que é totalmente orixinal, feito a man e coa maquinaria como simple axuda. Por iso, a habilidade coas mans é unha das ferramentas clave, xunto a unha cualificación técnica que lle permita ter uns coñecementos extensos e específicos sobre anatomía e funcións da boca.

O protético dental está capacitado para traballar por conta allea, ocupando postos de técnico ou xefe na súa área, ou ben xestionando o seu propio laboratorio de próteses dentais.

A saída máis usual é o exercicio profesional como autónomo. Outra das saídas é a docencia, xa sexa en centros públicos ou nas numerosas escolas superiores de carácter privado.

Hixienista bucodental

Necesítanse a estes profesionais na atención de xeriátricos, centros de día e atención domiciliaria de persoas dependentes.

Nesta especialidade da formación profesional prepáranse futuros titulados que poderán:
- Organizar e xestionar, ao seu nivel, a área de traballo asignada na unidade ou gabinete.
- Explorar, detectar e rexistrar o estado da saúde bucodental das persoas, baixo a supervisión do facultativo.

Pode atopar traballo como hixienista dental, hixienista bucodental, técnico especialista en hixiene bucodental ou educador sanitario.

Óptico e optométrico

A calidade de vida das persoas maiores vese moi minguada pola perda de visión e o colectivo de persoas con discapacidade visual é moi numerosa. Pois ben, todas elas teñen dereito a unha atención especial que require dos servizos destes profesionais.

A súa actividade profesional identifícase coa talla de vidros correctores para as anomalías da visión, e a montaxe e adaptación deses cristais ou anteollos graduados. Poden realizar exames visuais para determinar que tipo de defecto visual ten unha persoa e saber se necesita a intervención do oftalmólogo.

A diplomatura de Óptica ten como obxecto de estudo a anatomía do órgano visual humano, as súas afeccións e, fundamentalmente, todos aqueles tratamentos adecuados a problemas funcionais da visión, mediante lentes, prismas ou adestramentos visuais e optométricos.

O futuro dos profesionais da Óptica e a Optometría está garantido, as enfermidades dos ollos están descendendo, pero as disfuncións visuais van en ascenso. Os ópticos son reclamados por empresas de fabricación de instrumentos de precisión óptica.

Ortoprotético

Moitas das persoas dependentes necesitan aparatos que corrixen problemas de malformacións nalgunha parte do seu corpo. O ortoprotético é o profesional que os deseña e realiza. Danlle forma a unha parte do corpo que non se desenvolveu correctamente (como unha armadura para endereitar a columna) ou suplen o funcionamento dunha parte que non pode exercer a súa actividade, xa sexa porque o paciente naceu cun problema (zapatos ortopédicos) ou sufriu un accidente (muletas).

É un ciclo de FP de grao superior.

Os ortoprotéticos crean dous tipos de produtos:
- Próteses, que son os dispositivos ortopédicos que serven para soster, aliviar ou corrixir deformidades e mellorar a función do aparato locomotor.
- Ortopróteses, que son os dispositivos que se empregan nas malformacións de membros.

Ademais de encargarse de definir as próteses e darlles forma, tamén terá que adaptalas e revisalas periodicamente. Na súa tarefa diaria é fundamental coñecer e manexar as técnicas de transformación dos materiais utilizados na fabricación destes aparatos correctores ou axudas técnicas (metais, plásticos, resinas, siliconas, pel e coiro).

Nunha sociedade preocupada polo constante avance na mellora da calidade de vida das persoas que padecen problemas físicos, o técnico ortoprotético adquire un papel destacado. Existe unha boa inserción no mercado laboral, realizan produtos tanto para o campo privado como para o sistema sanitario público. As necesidades aumentan debido ao maior número de sinistros e ás melloras médicas, que permiten operacións cirúrxicas para instalar próteses.

O técnico ortoprotético traballa habitualmente en talleres, laboratorios ou gabinetes, tanto na súa xestión como na fabricación de aparatos, aínda que tamén pode exercer de representante para comercializar os seus produtos no mercado. Ademais, ten a posibilidade de integrarse en equipos de prevención para persoas da terceira idade, coordinados e dirixidos por un facultativo médico.

Podólogo

Hai moitas enfermidades que lles afectan aos pés, e como consecuencia á mobilidade das persoas dependentes. O seu tratamento é vital para a mellora no grao de autonomía persoal.

O podólogo é o profesional que prevé e trata todo tipo de enfermidades e anomalías que lles afectan aos pés das persoas e que non requiren a intervención dun médico: as súas afeccións, a súa prevención e tratamento a través de medicamentos, cirurxía ou aparatos ortopédicos.

Lonxe da imaxe clásica que se poida ter del, o podólogo non exerce soamente as funcións típicas de calista (avaliación e tratamento de problemas de unllas, durezas e fungos) senón que tamén forman parte do seu cometido outras accións como:
- Corrección de malformacións conxénitas.
- Prescrición e seguimento de ortopedias.
- Tratamento de dificultades de circulación sanguínea e de úlceras, infeccións e enfermidades relacionadas coa pel dos pés.

Tamén trata problemas traumáticos dos pés debidos a golpes ou accidentes, aínda que estes casos son menos usuais. A maioría dos pacientes son nenos ou persoas maiores, aínda que a necesidade de tratar os pés esténdese cada vez máis entre outros colectivos e, sobre todo, en relación con algunhas profesións nas que os pés sofren máis presión (deportistas, artistas, dependentes etc.).

Para ser podólogo débese cursar unha diplomatura universitaria de tres anos de duración, na que se proporcionan as bases científicas e clínicas da podoloxía.

Os continuos avances científicos e tecnolóxicos provocan que os podólogos teñan que manterse ao día nas novidades que xorden, polo que acostuman complementar os seus coñecementos con cursos de especialización.

A sanidade é o sector maioritario onde exercen a súa profesión, principalmente en hospitais, clínicas, residencias de anciáns, gabinetes de podoloxía, clubs deportivos e centros e empresas de servizos asistenciais.

A podoloxía non está contemplada nas prestacións do sistema público sanitario, o que provoca que o ámbito privado sexa a saída case única. Neste sentido, pode traballar nunha empresa privada ou ben de forma autónoma prestando servizos a organizacións e particulares. Outra saída é a formación.

Dietista

A creación de centros xeriátricos, centros de día e a asistencia domiciliaria de persoas dependentes necesita de especialistas en dietética que supervisen a alimentación dos seus asistidos.

O dietista é o profesional que:
- Elabora e supervisa dietas adaptadas a pacientes e colectivos, segundo as súas necesidades nutricionais ou a súa patoloxía específica.
- Controla e supervisa a composición cualitativa dos alimentos, para determinar a súa calidade hixiénica e dietética.

Pode desenvolverse como técnico en dietética e nutrición, responsable de alimentación en empresas de catering, técnico en hixiene dos alimentos, consultor de alimentación ou educador sanitario.

Educador social

Son os profesionais que se ocupan daqueles eidos da educación que non teñen unha regulación concreta, relacionado con persoas discapacitadas, marxinadas, con problemas sociais ou de adaptación ao seu contorno. Desenvolven o seu labor profesional en contextos moi diversos e danlles resposta ás demandas de acceso á cultura, ao benestar e de participación na vida social de amplos colectivos da poboación.

Este labor socioeducativo aplícase a grupos de idade diferentes (infancia, xuventude, terceira idade) e a sectores e problemáticas onde intervén a educación social (saúde, xustiza, servizos sociais, lecer).

Antes de que se crease unha titulación específica de Educación Social aos profesionais que realizaban este traballo coñecíaselles como educadores especializados, animadores socioculturais ou educadores de tempo libre.

A diplomatura en Educación Social creouse hai poucos anos para actualizar e ampliar a formación que anteriormente tiñan os asistentes sociais. Os estudos corresponden a unha titulación de primeiro ciclo e teñen unha duración de tres anos académicos.

As perspectivas laborais teñen dúas vertentes moi marcadas: a formativa e a de asistencia ás persoas.

Algúns dos ámbitos de traballo son:
- Atención á infancia e adolescencia en situación de risco social.
- Educación en centros de menores ou prisións.
- Elaboración de programas de animación sociocultural.
- Formación e inserción laboral de persoas adultas.
- Animación e dinamización de residencias.

Tamén poden responsabilizarse da xestión de equipamentos sociais e culturais ou da planificación de programas de intervención socioeducativa para a inserción de colectivos con necesidades específicas (mulleres, inmigrantes, persoas con discapacidades, drogadictos, minorías étnicas...).

Traballan tanto no sector público como no privado e tamén no denominado "sector social", é dicir, asociacións e entidades sen ánimo de lucro. É habitual, tamén, que os educadores sociais traballen de forma autónoma ou a través de cooperativas de traballadores.

Esta profesión, pola súa relación directa coa realidade social, esixe un alto grao de dinamismo e capacidade de adaptación aos cambios, xa que os ámbitos de traballo evolucionan de acordo coas necesidades e as

demandas sociais emerxentes. Neste sentido, o aumento da esperanza de vida fai que se precisen máis educadores especializados en persoas maiores.

Traballador social

O traballo deste profesional desenvólvese en todos os servizos de atención a persoas e familias:
- Danlles información, orientación e axuda psicosocial a persoas e grupos familiares en situación de crise, violencia, desorganización, perdas familiares, laborais ou de vivenda;
- Axuda as persoas con dificultades para a integración social (marxinados, inmigrantes, persoas con diminución psíquica ou física...).
- Recolle as demandas destas persoas.
- Fai un estudo da situación e establece un plan de intervención para mellorar o estado dos afectados.

É un profesional que se ocupa de fomentar o benestar do ser humano e a prevención e atención das dificultades e/ou carencias sociais das persoas, familias, grupos e do medio social no que viven. Igualmente, articula os recursos sociais que se precisan para superar as situacións de crise persoal e familiar.

A diplomatura en Traballo Social está fundamentada no estudo de diversas disciplinas: Traballo Social, Servizos e Política Social, Psicoloxía, Socioloxía, Dereito, Antropoloxía, Economía etc., que proporcionan coñecementos variados en Ciencias Humanas, Xurídicas e Sociais.

Hai materias optativas que forman os futuros traballadores sociais para enfrontarse a situacións de exclusión social, drogodependencias, atención ás persoas maiores, protección á infancia, voluntariado ou problemas de saúde da comunidade.

Tal e como evoluciona a sociedade créanse continuamente novos sectores de poboación que necesitan da intervención e a axuda profesional do traballador social (inmigrantes, anciáns que viven sós, drogodependentes, persoas con dificultades de integración sociolaboral...).

Os centros onde desenvolven habitualmente a súa profesión son os servizos sociais públicos ou privados, así como asociacións sen ánimo de lucro e ONG.

Técnico en atención socio-sanitaria

É unha titulación de FP de grao medio. Este profesional ocúpase de organizar, preparar e controlar as intervencións de atención ás persoas e ao seu contorno.

Desenvolven intervencións de atención física e psicosocial a persoas con necesidades específicas e actividades relacionadas coa xestión e funcionamento da unidade de convivencia.

As principais saídas profesionais son: gobernante, supervisor, responsable de planta dentro dunha institución residencial destinada ao coidado de persoas con necesidades específicas; coidador de persoas maiores, discapacitadas físicas, psíquicas ou sensoriais nas diferentes institucións existentes; asistente de atención domiciliaria.

PROFESIONAIS DE TAREFAS DE HOSTALERÍA EN ESTABLECEMENTOS, RESIDENCIAIS E CENTROS DE DÍA

Camareiro - limpador

Nos centros de día, xeriátricos, residencias etc., necesitarase contar con suficiente persoal de limpeza para que todo estea conforme ás normas hixiénico-sanitarias.

Restaurador

Este profesional pode administrar establecementos, restaurantes ou áreas de produción e servizos de alimentos e bebidas, creando e comercializando a súa oferta gastronómica. Tamén se ocupa de organizar e supervisar a compra, o almacenamento e a elaboración de produtos alimenticios e bebidas. Debe relacionarse cos clientes e provedores da empresa e organizar o traballo do persoal ao seu cargo.

O técnico en restauración está preparado para exercer como xefe de comidas e bebidas, xefe de comedor, responsable de alimentación nun catering, xefe de compras, propietario de establecemento de hostalería, propietario de establecemento de restauración etc.

Cociñeiro

Entre os servizos que se lles teñen que ofertar ás persoas dependentes está o de comedor, que pode ofrecerse tanto en residencias, xeriátricos e centros de día, como nos domicilios das persoas dependentes e servizos de catering.

O Técnico en Cociña é unha titulación de FP de grao medio na que se aprenden: as funcións dos utensilios e a maquinaria; os diferentes elementos que interveñen na produción de alimentos; as técnicas básicas de manipulación dos alimentos, así como a preparación e presentación dos pratos.

Persoal de lavandería hospitalaria

Os hospitais, xeriátricos e residencias teñen necesidade dun servizo especial de lavandería. Actualmente existen cursos específicos de actualización de coñecementos para todos os que exercen postos dentro do sector de lavandería hospitalaria: para coñecer as técnicas de lavado, as diversas fases dos procesos ás que é sometida a roupa e os problemas que se poidan presentar nos procesos de lavado.

A lavandería hospitalaria ten características propias como:
- A clasificación de roupa e métodos propios.
- A calidade total na lavandería hospitalaria.
- Manchas propias dun hospital.
- Métodos de lavado propios.
- Transporte interno na lavandería hospitalaria e a súa optimización.
- A barreira sanitaria, desinfección xeral de máquinas e específica de túneles de lavado, e hixiene xeral da lavandería.

PROFESIONAIS DE TAREFAS DE MANTEMENTO TÉCNICO DE CENTROS E SERVIZOS

Técnico en mantemento de fontanería

Os fontaneiros son os encargados do mantemento de instalacións de fontanería dos centros de servizos que contempla a lei.

Son profesionais que deben acudir a cursos para:
- Dominar o proceso de construción e a tecnoloxía propia das instalacións de auga domésticas e de locais comerciais.
- Coñecer as normas sobre seguridade e prevención de riscos laborais nas instalacións de fontanería.
- Coñecer os materiais e accesorios que se utilizan na actualidade nas instalacións de fontanería (canalizacións, billas etc.).
- Adquirir os coñecementos fundamentais sobre a interpretación e execución de planos.

Técnico en mantemento de instalacións de climatización

Para a realización da montaxe, mantemento e reparación de instalacións de frío, climatización, calefacción e auga quente sanitaria requírense profesionais especializados.

Existe un curso de FP de grao medio que forma: técnicos en Montaxe e Mantemento de Instalacións de Frío, Climatización e Produción de Calor.

A súa formación prepáraos para:
- Montar, realizar o mantemento e efectuar reparacións en instalacións de refrixeración comercial e industrial.
- Dimensionar distintos tipos de instalacións de climatización e ventilación en función do tamaño da vivenda, ou as características e as dimensións do establecemento industrial.
- Montar e manter correctamente instalacións de produción de calor.

- Instalar e manter redes de auga en vivendas e instalacións industriais, aprendendo así todos os segredos da fontanería.
- Instalar redes de gases combustibles.

Técnico en mantemento das instalacións eléctricas

Para a realización da montaxe, mantemento e reparación de instalacións electrotécnicas dos centros especializados, que son imprescindibles para o coidado das persoas dependentes, necesítanse profesionais especializados.

Existe un curso de FP de grao medio que capacita como técnico en Instalacións e Mantemento Electromecánico de Maquinaria e Condución de Liñas, no que se adquiren coñecementos sobre:
- Os principios físicos necesarios para comprender o funcionamento dos aparatos e sistemas eléctricos.
- A electrotecnia como materia que utiliza os principios físicos da electricidade para a fabricación de aparatos, equipos e compoñentes.
- Técnicas de seguridade de utilización da enerxía eléctrica.
- Equipos existentes no mercado e a súa utilización axeitada.
- Aspectos legais de autorización das instalacións eléctricas.

Vixilante xurado, garda de seguridade

O vixilante xurado dedícase á protección de edificios, entidades, persoas e bens, e a resgardar a súa seguridade, especialmente pola disuasión; vai armado.

Nos complexos dedicados ás persoas maiores e dependentes son moi necesarios para, ademais de vixiar que non entre ningunha persoa non autorizada, garantir a seguridade dos propios usuarios.

Os gardas de seguridade deben realizar obrigatoriamente un curso de preparación nun centro homologado e superar unhas probas que convoca

anualmente a Seguridade do Estado. Hai moitas empresas que forman a estes futuros profesionais.

O sector da seguridade é un sector en crecemento e hai gran demanda de profesionais, en Galicia, por exemplo, hoxe en día hai case máis gardas de seguridade que policías.

Transportista sanitario

Para o tratamento das persoas dependentes e a súa atención en residencias, hospitais e centros de día necesítase unha rede de servizos de transporte especializado.

Estes profesionais, ademais do carné de conducir en regra deben ter coñecementos de:

- Xeneralidades do transporte sanitario.
- A cadea asistencial, primeiros auxilios.
- Vehículos asistenciais, características e equipamento.

PROFESIONAIS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DE CENTROS

Ao entrar en funcionamento toda a rede de centros de día, e de xeriátricos, que se necesitarán para o desenvolvemento da Lei de dependencia, non só se vai necesitar persoal sanitario e de mantemento, senón que tamén será necesario persoal de xestión e dirección.

Director de entidades xeriátricas

A persoa encargada da dirección e xestión de entidades xeriátricas, ademais das tarefas derivadas da xestión, debe:

- Comprender o contorno social e legal propio das residencias, centros e servizos para os anciáns.
- Ser capaz de crear programas asistenciais dentro dos centros (psicoterapia, talleres de memoria, programas de actividade física etc.).
- Xestionar servizos específicos para centros xeriátricos (animación, actividades ocupacionais etc.).
- Coordinar grupos de profesionais relacionados co sector (traballadores sociais, educadores...) e dirixir outros servizos (catering, coidadores, axuda a domicilio, podoloxía...).

Estes profesionais deben asistir a cursos específicos que os capacitarán para o seu traballo e, sobre todo, deben estar sempre reciclando a súa formación e poñendo ao día todos os servizos que se ofrecerán nos xeriátricos.

Administrativo

Para o funcionamento e control interno dos centros, hospitais e persoal derivados da aplicación da Lei de dependencia, serán necesarios un gran número de traballadores dedicados á tarefa de administración.

A titulación de FP de grao medio divídese en varios módulos:
- Comunicación e Arquivo da Información.
- Xestión Administrativa de Compravenda e de Persoal.
- Contabilidade Xeral e Tesourería.
- Aplicacións Informáticas.
- Formación e Orientación Laboral.

Este profesional será capaz de realizar as xestións administrativas de compra e venda, de persoal, de tesourería e os rexistros contables.

Secretaría

Os profesionais que fan este labor son asistentes e axuda directa para a dirección.

As súas funcións variarán segundo o tipo de centro de traballo e o nivel de órgano de xestión ao que este profesional estea adscrito.

En FP hai unha titulación de grao superior que capacita a estes profesionais para:
- Xestionar as comunicacións internas e externas, tanto orais como escritas, en lingua propia e/ou estranxeira.
- Organizar, supervisar e realizar traballos de secretariado.
- Organizar, manter e controlar o arquivo en soporte convencional e informático.
- Elaborar e presentar documentos de traballo, integrando datos, textos e gráficos.

7.2.2 EMPREGOS INDUCIDOS

PROFESIONAIS DO SECTOR DA CONSTRUCIÓN

O desenvolvemento da lei requirirá:
- Reconverter as residencias existentes en prazas para dependentes e adecualas aos criterios de accesibilidade e calidade, en caso de que non foran suficientes haberá que construír novas residencias.

- Crear un importante número de centros de día, adaptar os locais existentes a condicións axeitadas de accesibilidade e calidade, e construír novos se non son suficientes.

- Construción dun volume importante de novas vivendas tuteladas ou adaptar a condicións de accesibilidade e calidade unha parte das existentes.

Arquitecto

É o máximo responsable de concibir, planificar e dirixir a construción de todo tipo de edificacións que se necesitarán para poder levar a cabo a Lei de dependencia.

Pode participar en todas as fases do proxecto, dende os contactos iniciais coas persoas ou entidades que promoven a obra, até os derradeiros detalles no interior desta, pasando pola coordinación e supervisión de todos os traballos intermedios.

Os proxectos que o arquitecto pode desenvolver son, basicamente, de tres tipos:

- De carácter urbanístico.
- Orientados á edificación.
- De tipo paisaxístico.

Cando se trata de proxectos de envergadura, como poden ser complexos hospitalarios, o arquitecto non traballa só, senón en equipos multidisciplinares (enxeñeiros, xeógrafos, delineantes, técnicos de ambiente, economistas, aparelladores…).

Formación necesaria: a carreira de Arquitectura inclúe unha forte carga de coñecementos técnicos (urbanismo, estruturas de edificación, técnicas de construción, acondicionamento e servizos…) e outros de tipo humanístico de historia da arquitectura ou historia da arte.

Arquitectura é unha das carreiras máis completas que existen, pero tamén das máis esixentes.

Calidades que deben reunir: creatividade, visión espacial, capacidade de análise e síntese, pero quizais o máis determinante sexan as calidades artísticas: sensibilidade, un sentido estético moi desenvolvido e facilidade para o debuxo.

Arquitecto técnico, xefe de obra

O xefe de obra estuda o proxecto (memoria, condicións, planos etc.) e planifica as diferentes fases da construción.

Coordina os equipos de traballo que interveñen nela e xestiona a subcontratación de capítulos e unidades, xa que ás veces se lles encarga a outras empresas a instalación da electricidade, a pintura ou a colocación de vidros, entre outros.

É tamén o responsable de informar periodicamente a dirección e a construtora sobre o estado da obra. Unha vez que a obra estea acabada, certifícaa. En definitiva, este profesional coordina e xestiona todo o proceso construtivo.

Debe conseguir que a obra acabe no tempo previsto, de acordo co orzamento autorizado e que tecnicamente sexa correcta e satisfaga a todos.

A súa formación ten que ser fundamentalmente técnica, de arquitecto ou enxeñeiro. De todas as carreiras que se imparten nas universidades, os estudos que máis xefes de obra dan ao mercado son os de Arquitectura Técnica.

As competencias técnicas e específicas que debe posuír o xefe de obra son:
- Capacidade para xestionar a documentación.
- Visión global do proceso construtivo.
- Control económico da obra.
- Xestión dos RRHH, materiais, equipos e medios auxiliares.
- Tratamento e análise da información técnica.
- Xestión e administración da contratación, xestión económica e financeira.
- Coñecementos de técnicas construtivas.
- Sistemas de seguridade e prevención de riscos laborais.
- Análises de proxectos.
- Normativa e lexislación no sector da construción.
- Control de calidade.
- Manexo de diferentes ferramentas informáticas para a planificación técnica e económica.
- Coñecementos relacionados cos procedementos de acreditación de obras.

Deben ter capacidade de organización do propio traballo e o do seu equipo, de negociación, de adaptación e anticipación aos cambios, e tolerancia á presión.

Arquitecto de interiores

Son profesionais capaces de organizar e deseñar espazos interiores e exteriores, así como todos os seus elementos complementarios, tendo en conta non só consideracións formais e estéticas, senón tamén todos aqueles aspectos sociais e humanísticos unidos a esta actividade profesional.

Estes estudos proporcionan:
- Coñecementos necesarios para a elaboración de proxectos.
- Análise e xestión do deseño.
- Adaptación ás novas tecnoloxías.
- Dominio de técnicas e materiais.

Técnico en edificación e obra civil

Estes profesionais teñen os coñecementos necesarios para organizar e realizar os traballos de acabados de construción: revestimentos continuos, en láminas, conglomerados, pinturas, vernices; a montaxe e fixación de paneis prefabricados en condicións de seguridade e calidade establecidas; comprobar e dispoñer os medios de seguridade da obra.

Nos seus estudos de FP de grao medio poden escoller a especialidade de Acabados de Construción, Obras de Albanelería, Obras de Formigón e Operación e Mantemento de Maquinaria de Construción.

- Técnico en acabados de construción: organiza os traballos de acabados de construción e pode realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller, cando o seu grao de autonomía llo permita.

- Técnico en obras de albanelería: técnico dedicado a traballos de obras de construción, cubertas, coberturas, impermeabilizacións, revestimentos continuos, conglomerados e construción de conducións lineais sen presión, nas condicións de seguridade e calidade establecidas.

- Técnico en obras de formigón: capacita para organizar e realizar traballos de dosificación e elaboración do formigón, prefabricados, encoframento, estruturas, apuntamento, armaduras e estribamento, ademais da posta en obra de formigón e conducións lineais sen presión, en condicións de seguridade e calidade establecidas, e comprobar e dispoñer os medios de seguridade da obra.

- Técnico en operación e mantemento de maquinara de construción: este profesional será capaz de organizar os traballos que se efectúen con maquinaria pesada de construción, interpretar e comprender planos, elixir a maquinaria e asignar as cargas de traballo entre os seus subordinados. Poden realizar traballos de escavación de terras e demolición; compactación de terras; barrenado e sondaxe; elevación e desprazamento de cargas e lanzamento de vigas...

É un profesional capacitado para traballar como capataz de obra; azulexador; pavimentador; escaiolista; revocador; pintor; enmoquetador; instalador de solos industriais; instalador de pavimentos sintéticos; cristaleiro; instalador de solos técnicos; instalador de placas en teito; montador de estadas ou empapelador.
Técnico en fabricación a medida e instalación de carpintería e moble
Estes profesionais fabrican, producen e montan mobles e carpintería, ben en obradoiros pequenos ou de forma especializada en localidades onde existe concentración de empresas do sector.

Está capacitado para definir solucións construtivas a requirimento do cliente, para a construción de elementos de carpintería e moble a medida, e para a súa instalación. Tamén pode xestionar unha pequena empresa ou obradoiro.

Técnico superior en desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas.

Estes técnicos interveñen en levantamentos e restablecementos de construcións e terreos auxiliando na súa execución, en proxectos de infraestruturas viarias e de ordenación do territorio.

Ademais elabora planos de trazados, acometidas, abastecementos e de ordenación do solo, tomando datos e dándolles solucións aos problemas de representación e dimensionado.

Técnico superior en realización e plans de edificación

Son competencias deste profesional intervir na execución de obras civís e de edificación, organizando os traballos, realizando o seguimento da planificación e comprobando a aplicación do plan de seguridade.

Paisaxista

Os centros de día e as residencias adoitan estar arrodeados de contornos agradables e nos mellores casos de xardíns que deben estar adecuados para o paseo e goce das persoas dependentes.

Estes profesionais son especialistas no deseño e planificación do espazo aberto.

Interveñen en ámbitos profesionais como: a proxección de espazos públicos e privados; a restauración de espazos degradados, espazos naturais, espazos protexidos; o axuste das infraestruturas ao territorio; a planificación para o desenvolvemento sostible; a implantación dos novos estándares ambientais; a avaliación do impacto, a diagnose e o control ambiental e as ecoauditorías.

Xardineiro

É un profesional que leva a termo as operacións de implantación, conservación e mellora de xardíns de exterior e interior. Tamén está capacitado para o manexo e mantemento da maquinaria e os instrumentos necesarios.

A capacitación para esta profesión pódese conseguir por FP en centros de secundaria e nas escolas de capacitación agraria. Implantouse un ciclo formativo de grao medio en Xardinería e outro de grao superior de Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos. Tamén en formación ocupacional organízanse moitos cursos.

A nivel universitario existen especialidades nas escolas técnicas superiores, Arquitectura coa especialidade de Urbanismo e Enxeñaría Técnica Agrícola coa especialidade en Hortofruticultura e Xardinería.

7.3 O EMPREGO NAS ENERXÍAS RENOVABLES

O mundo das enerxías renovables xera un gran número de novos empregos relacionados, na maior parte, coas áreas técnica e experimental de todos os niveis académicos.

Podemos agrupalos en dúas áreas segundo a súa actividade:

- Investigación e desenvolvemento

- Instalación e mantemento

7.3.1 INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

O 52% dos traballadores do sector das enerxías renovables son titulados superiores. Dentro destes, son os relacionados coas ensinanzas técnicas (enxeñarías e arquitectura) os que incrementaron nunha maior porcentaxe as súas saídas profesionais. Non obstante, hai outros titulados que son igual de demandados, aínda que non sexa dunha forma tan directa: para xestionar as novas industrias enerxéticas, estudar o impacto ecolóxico...

A necesidade social de consumo enerxético, a escaseza cada vez maior das enerxías tradicionais e o custo tan elevado que están a alcanzar, fai que sectores tan importantes como o da construción e a industria busquen de forma cada vez máis urxente solucións para garantir o abastecemento, conservar o medio e conquistar o usuario final.

Deste xeito, podemos ver edificios que xeran electricidade por medio de placas solares, carburantes de biodiésel, coches eléctricos, industrias abastecidas con enerxía eólica, campos de placas solares, montes cubertos de pas eólicas...

As principais titulacións que poden estar relacionadas coa investigación, desenvolvemento, extracción, implantación e valoración destas enerxías son:

Enxeñeiro Industrial

A Enxeñería Industrial é a que se implica dun xeito máis directo cos aspectos tecnolóxicos e organizativos dos procesos industriais. Para iso, prepárase o alumno en todo o relacionado coa teoría e tecnoloxías dos sistemas mecánicos e eléctricos, organización de procesos e empresas, desenvolvemento de produtos, transporte e utilización de enerxías, fabricación de novos materiais e impacto das actividades industriais no ambiente.

Esta formación cobre áreas tan variadas como a enerxía, o ambiente, a enxeñería mecánica, a xestión de fabricación, a electricidade e a electrónica e novos materiais.

As principais saídas profesionais son as plantas de produción de enerxía, os departamentos de I+D+i, a xestión de calidade, as aplicacións da robótica, a enxeñería de deseño, o cálculo e o deseño de estruturas, a enxeñería acústica e de vibracións, as plantas, a pneumática, as simulacións de mecanismos etc.

Enxeñeiro Técnico Industrial

A Enxeñería Técnica Industrial ten cinco especialidades: Electricidade, Electrónica Industrial, Mecánica, Química Industrial e Téxtil. As catro primeiras están intimamente vinculadas coa xeración e investigación das enerxías.

Os enxeñeiros técnicos industriais especializados en Electricidade son os que se encargan de aproveitar a enerxía mecánica de orixe térmica ou hidráulica, dos sistemas de xeración de enerxía, das turbinas, caldeiras, do deseño e protección de instalacións, do cálculo e construción de máquinas eléctricas e dos sistemas de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Os enxeñeiros técnicos industriais especializados en Electrónica Industrial son os que deseñan, instalan e manteñen os sistemas e equipos electrónicos industriais e os que aplican os dispositivos electrónicos e microelectrónicos na automatización dos procesos produtivos.

Os enxeñeiros técnicos industriais especializados en Mecánica son os que desenvolven procedementos e máquinas para incrementar o rendemento da produtividade nas industrias; crean industrias mecánicas ou fan máis técnicas as existentes para aumentar a capacidade dos elementos mecánicos dos sistemas de produción; desenvolven tecnoloxías de

materias primas e impulsan a creación de novos materiais para mellorar a produción.

Os enxeñeiros técnicos industriais especializados en Química Industrial son os que optimizan e melloran os rendementos das industrias a través da transformación da materia dunha forma económica e segura sen prexudicar o ambiente.

Enxeñeiro Agrónomo

A Enxeñería Agrónoma forma a profesionais que teñen como obxectivo deseñar sistemas de aproveitamento dos recursos da natureza para obter e transformar alimentos, fibras para tecidos e outros produtos vexetais ou animais útiles para o home. Tamén innovan e introducen as técnicas máis avanzadas aplicables á agricultura.

As principais saídas laborais son: agroenerxía; dirixir explotacións e empresas agropecuarias e agroalimentarias; deseñar, executar e controlar plans e proxectos de enxeñería agronómica relacionados coa construción de edificacións, infraestrutura rural, mecanización agraria, electrificación, regadíos...; ecoloxía; defensa do ambiente; ordenación do territorio de áreas rurais e a transformación de produtos obtidos directamente da natureza a través das industrias agrarias e agroalimentarias.

Enxeñeiro Técnico Agrícola

A Enxeñería Técnica Agrícola ten catro especialidades: Explotacións Agropecuarias, Hortofruticultura e Xardinería, Industrias Agrarias e Alimentarias e Mecanización e Construcións Rurais. As dúas últimas son as máis vinculadas ás posibilidades que ofrecen as enerxías renovables.

Os enxeñeiros técnicos especializados en Industrias Agrarias e Alimentarias, por medio dos seus coñecementos científicos e

tecnolóxicos, están capacitados para o control dos procesos industriais agrarios e alimentarios, a xestión e control de calidade e a tecnoloxía dos procesos agroalimentarios (elaboración, transformación, conservación, transporte, distribución e comercialización). Tamén poden proxectar e dirixir obras dentro do sector agrario e alimentario, elaborar e valorar proxectos técnicos relacionados coa súa especialidade e dirixir empresas agroalimentarias.

Os enxeñeiros técnicos especializados en Mecanización e Construcións Rurais estudan a fabricación de maquinaria agrícola; analizan como conseguir o maior rendemento dos cultivos e con que tipo de maquinaria; adquiren coñecementos da tecnoloxía e das técnicas necesarias para realizar motores, reparalos e conservalos e estudan as técnicas de construción de almacéns, secadores, instalacións para o gando etc.

Enxeñeiro de Minas

A Enxeñería de Minas forma a profesionais que se ocupan da investigación e valoración de depósitos minerais, dos recursos enerxéticos e hidroxeolóxicos, das obras subterráneas, das sondaxes e instalacións mineiras, así como do seu mantemento e do impacto ambiental que estas activades poidan causar.

Estes enxeñeiros poden traballar en multitude de áreas como a mineira de materiais, ambiental e enerxética. As principais saídas profesionais relacionadas coa área enerxética son as centrais térmicas e hidroeléctricas; o aforro e a eficiencia enerxética; as novas tecnoloxías enerxéticas (biocombustibles, pilas de combustible...); os recursos enerxéticos (enerxía solar, biomasa, enerxía eólica...); a xeración, a transmisión e a conversión da enerxía térmica; a xeración, o transporte e a utilización da enerxía eléctrica.

Enxeñeiro Técnico de Minas

A Enxeñería Técnica de Minas ten catro especialidades: Instalacións Electromecánicas Mineiras; Mineralurxia e Metalurxia; Recursos Enerxéticos, Combustibles e Explosivos e Sondaxes e Prospeccións Mineiras. Todas elas capacitan o alumno para traballar en instalacións dedicadas á produción de enerxía.

Na especialidade de Instalacións Electromecánicas e Mineiras estúdase a xeración, a regulación, a medición, a transformación, o transporte e a distribución da enerxía eléctrica, así como todas as instalacións electromecánicas que lles afectan á industria da extracción interior e a ceo aberto e ás instalacións de laboratorios para a preparación mecánica do produto extraído.

Na especialidade de Mineralurxia e Metalurxia estúdase a tecnoloxía mineira, os sistemas de explotación, o control de ocos, a aeroloxía e o estudo dos explosivos: o seu manexo, a utilización e a seguridade.

A especialidade de Recursos Enerxéticos, Combustibles e Explosivos é probablemente a que máis saídas ten dentro da Enxeñaría Técnica de Minas, non só no ámbito nacional senón no internacional. Estes estudos contemplan todas as fontes de enerxía (biomasa, solar, eólica, fotovoltaica, hidroeléctrica, nuclear, térmica e os residuos sólidos urbanos).
Na especialidade de Sondaxes e Prospeccións Mineiras afóndase nos procedementos e métodos para a localización e a avaliación de calquera depósito mineral, así como coñecer e aplicar os procedementos de perforación e produción de petróleo, de gas e de auga.

Enxeñeiro De Camiños, Canais E Portos

A Enxeñería de Camiños, Canais e Portos forma a profesionais que se ocupan de investigar, asesorar e elaborar proxectos en todo o referente a construcións de pontes, de presas, de peiraos, de estradas, de

autoestradas, de aeroportos, de vías férreas, de sistemas de evacuación de desperdicios e de defensa contra inundacións; planifican o transporte e a xestión de recursos e asesoran sobre urbanismo.

As principais saídas profesionais desenvólvenas no sector da enerxía e en empresas construtoras, hidráulicas, siderometalúrxicas e electrónicas.

Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas

A Enxeñería Técnica de Obras Públicas ten tres especialidades: Construcións Civís, Hidroloxía e Transportes e Servizos Urbanos. En todas elas, a introdución das novas enerxías é un claro punto de investigación.

Na especialidade de Construcións Civís afóndase no estudo dos elementos necesarios para a construción, destacando a análise dos materiais para utilizar segundo as condicións ambientais onde se sitúe a obra. Unha das áreas que máis futuro presenta para estes titulados é a ambiental.

Na especialidade de Hidroloxía estúdase todo o relacionado coa construción e conservación das obras hidráulicas (pontes, encoros, peiraos, centrais hidroeléctricas...).

Na especialidade de Transportes e Servizos Urbanos estúdase o transporte e as súas infraestruturas en relación coa ordenación territorial e a planificación urbana, a limpeza das cidades, as redes de sumidoiros e as redes de distribución de auga e a enxeñería sanitaria e ambiental.

Enxeñeiro de Montes

A Enxeñería de Montes capacita os alumnos principalmente para realizar balances hídricos, traballar con novas enerxías como a biomasa, asegurar a continuidade da flora silvestre e a fauna, protexer o ambiente, previr incendios e descubrir tratamentos contra pragas e enfermidades.

As principais saídas profesionais destes estudantes son as industrias forestais, as papeleiras e as industrias, a I+D+i no campo das novas enerxías, as áreas de ambiente e a xestión do medio natural etc.

Enxeñeiro Técnico Forestal

A Enxeñería Técnica Forestal ten dúas especialidades: Explotacións Forestais e Industrias Forestais.

A especialidade de Explotacións Forestais capacita o alumno, entre outras moitas cousas, para a ordenación, a xestión e o aproveitamento sustentable de montes, de recursos piscícolas e cinexéticos; a restauración de contas hidrolóxicas, a conservación de chans e a corrección de redes de drenaxe; as restauracións ecolóxicas e paisaxísticas e os estudos de impacto ambiental e de recursos forestais.

A especialidade en Industrias Forestais forma a profesionais capaces de controlar a calidade en industrias forestais; executar estudos e proxectos de aproveitamento e de transformación de materias primas forestais e realizar e executar proxectos de conservación.

Enxeñeiro Xeólogo

A Enxeñería de Xeoloxía centra a súa formación no nexo que existe entre a Xeoloxía e a Enxeñería Civil e de Minas.

As principais saídas profesionais son a investigación, o desenvolvemento e a extracción de enerxía xeotérmica; a caracterización xeolóxica e a xeotécnica do terreo; a investigación, a valoración e xestión das augas superficiais e subterráneas para un mellor aproveitamento; a investigación, valoración e a extracción de recursos minerais e de materiais de construción; a restauración, a rehabilitación e o control de medios naturais altamente prexudicados.

Enxeñeiro Técnico en Topografía

A Enxeñería Técnica en Topografía capacita o estudante para elaborar planos e mapas, planificar e executar traballos topográficos e obras no subsolo, realizar taxacións, valoracións, controis de calidade etc.

Estes profesionais desenvolven a súa actividade profesional no sector das enerxías renovables (xeotérmica e hidráulica), da construción, sector da minería e de áreas que requiran unha formación técnica (metalurxia, mineralúrxica, electricidade, enerxías...).

Enxeñeiro Naval e Oceánico

A Enxeñería Naval e Oceánica proporciónalle ao alumno os coñecementos nas técnicas e tecnoloxías que permiten a utilización e explotación integral de océanos e mares así como a súa conservación e o mantemento dos seus ecosistemas.

Capacita o alumno para planificar, deseñar e construír todo o material flotante e mergullador, así como da súa maquinaria e equipos auxiliares (buques, plataformas petrolíferas, campos eólicos marítimos...); xerar e transportar enerxía eléctrica; elaborar proxectos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, estudando a resistencia de materiais e o mantemento do control de calidade; organizar as factorías navais e instalacións portuarias; investigación e desenvolvemento da enerxía mareomotriz e realizar traballos de xestión comercial, financeira e de persoal na industria navieira.

Enxeñeiro Químico

A Enxeñería Química proporciónalle ao estudante unha enorme polivalencia que está relacionada co deseño, mantemento, avaliación, optimización, planificación e construción de plantas na industria de procesos.

O destino xeral destes titulados é a industria química en sectores como o petroquímico, plásticos e novas enerxías, industrias de procesos, seguridade, ambiente e calidade.

As principais saídas profesionais son: director e técnico en control de calidade, deseñador de procesos e equipos, director de procesos de fabricación, director e xefe de recepción de materias primas e enerxías, responsable de transformacións de papel e caucho, supervisor de instrumentación etc.

Enxeñeiro en Xeodesia e Cartografía

A Enxeñería en Xeodesia e Cartografía é unha ensinanza de segundo ciclo, á que poden acceder directamente os estudantes que posúan o título de Enxeñeiro Técnico en Topografía.

Esta titulación proporciónalle ao estudante coñecementos sobre a dimensión e forma do globo terrestre, a física do interior da Terra e a evolución dinámica, terrestre e tectónica global.

As principais saídas profesionais son: realización de cartas e mapas xeográficos; desenvolvemento urbano e reorganización de espazos naturais; técnicos en depósitos, canteiras ou minas; planificación das industrias do sector; construción de estradas, edificios, aeroportos, abastecemento de auga; técnicos en empresas enerxéticas e petroquímicas, industria mineira e extractiva...

Enxeñeiro De Materiais

A Enxeñería de Materiais é unha ensinanza de segundo ciclo. Poden acceder directamente a ela os estudantes que realizaron o primeiro ciclo de Enxeñería Industrial, Enxeñaría de Minas, Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, Enxeñería Aeronáutica e Enxeñería Naval e Oceánica. Tamén poden acceder de maneira directa os enxeñeiros técnicos de

minas especializados en Explotación de Minas ou en Instalacións Electromecánicas Mineiras, os enxeñeiros técnicos industriais especializados en Mecánica e os enxeñeiros técnicos aeronáuticos especializados en Equipos e Materiais Aeroespaciais.

Esta titulación capacita o alumno para deseñar novos materiais con mellores propiedades e novos procesos para producilos.

As principais saídas profesionais son: plantas de produción de enerxía térmica ou nuclear; industria automobilística, de transporte ferroviario, aeronáutica e aeroespacial; construción mecánica ou de bens de equipo; substitución de materiais e enxeñaría de produtos; garantía de calidade e fiabilidade de materias primas, procesos e produtos, deseño de novos materiais para funcións específicas.

Enxeñeiro En Automática E Electrónica Industrial

A Enxeñería en Automática e Electrónica Industrial é unha ensinanza de segundo ciclo. Poden acceder directamente a ela os estudantes que realizaron o primeiro ciclo de Enxeñería Industrial e quen posúa o título de enxeñeiro de Telecomunicación; enxeñeiro informático; enxeñeiro técnico Industrial especializado en Electrónica industrial, en Mecánica, en Electricidade, en Química Industrial ou en Téxtil; enxeñeiro técnico en Informática de Sistemas e enxeñeiro técnico de Telecomunicación especializado en Sistemas Electrónicos.

Estes titulados reciben unha formación en múltiples disciplinas, que se encarga da concepción e desenvolvemento de autómatas e doutros procesos automáticos.

As principais saídas profesionais son: control, tracción e xeración de enerxía eléctrica; control e programación de robots, control e programación dos sistemas de control de procesos por computador, electrónica de comunicacións, automatización e control de procesos

industriais; electrónica profesional, equipamentos para fabricación, iluminación, sistemas integrados de seguridade, electromedicina, intelixencia artificial etc.

Enxeñeiro En Electrónica

A Enxeñería en Electrónica é unha ensinanza de segundo ciclo. Poden acceder a ela directamente e sen complementos de formación os enxeñeiros técnicos industriais especializados en electricidade e en electrónica industrial, enxeñeiros técnicos en informática de sistemas, enxeñeiros técnicos en son e imaxe, enxeñeiros técnicos de telecomunicación especializados en telemática, en sistemas de telecomunicación e en sistemas electrónicos e os que realizasen o primeiro ciclo de Enxeñaría de Telecomunicación.

Estes titulados dedícanse á aplicación das técnicas da enxeñaría á investigación, elaboración de proxectos, fabricación, instalación, funcionamento, manutención e reparación de equipos electrónicos, de telecomunicacións, de sistemas analóxicos e dixitais.

As principais saídas profesionais son: técnicos de I+D, por exemplo no campo das novas enerxías, xerando enerxía eléctrica a través da enerxía solar e eólica; novas tecnoloxías, intelixencia artificial, optimización de métodos de produción etc.

Arquitecto

A titulación de Arquitectura capacita o alumno para deseñar, proxectar e controlar o espazo no que se desenvolve a vida do ser humano, tanto en edificios, urbanismo e paisaxe. Debe realizarse respectando a natureza e o ambiente, para o que é fundamental ter en conta a utilización das novas enerxías e o seu aforro (solar, eólica, hidráulica e biomasa principalmente). Hoxe en día, por exemplo, estase a desenvolver a

arquitectura bioclimática, que xoga co deseño da casa (orientacións, materiais, fiestras...) para conseguir unha eficiencia enerxética.

A función deste profesional ten unha dobre vertente: unha de deseño de edificios e planificación de zonas urbanas, parques, adaptación á paisaxe, e outra máis técnica de cálculo de estruturas, custos, materiais e coordinación da execución. Polo que a súa función é exercer unha síntese entre o deseño, as necesidades e gustos sociais e o avance tecnolóxico de materias á vez que innova espazos e funcións na construción.

Arquitecto Técnico

A función principal destes profesionais é ordenar, controlar e dirixir a execución material das obras e instalacións na edificación; ademais de inspeccionar os elementos e sistemas construtivos da obra, sendo responsable de que esta se efectúe seguindo o proxecto e a lei.

As principais saídas profesionais son a proxección, control e supervisión a pé de obra; a elaboración de planos e peritaxes de terreos; a realización de proxectos; técnico en control de calidade; investigador de novas formas de edificación e de materiais; técnico en estudos de ciclo de vida útil, avaliación enerxética e sustentabilidade dos edificios etc.

Biólogo

A licenciatura en Bioloxía require hoxe en día a especialización, xa que son moitos os sectores que necesitan destes licenciados, pero cuns estudos específicos do seu campo (ambiente, enerxías, biotecnoloxía, ciencias dos alimentos...).

As saídas profesionais destes licenciados céntranse na súa maioría na docencia, a investigación, o ámbito clínico, a consultoría ambiental, análises microbiolóxicas, coidado de costas, acuicultura, explotacións agropecuarias, empresas farmacéuticas etc. O novo interese polo

ambiente, as novas enerxías, a biotecnoloxía e o aumento moderado da investigación en empresas privadas está a crear novas oportunidades de emprego para estes licenciados.

Algunhas das novas saídas profesionais son a auditoría ambiental, a biotecnoloxía, departamentos de I+D+i, de calidade e de produción de empresas químicas, farmacéuticas, petroquímicas e en todas as empresas consideradas contaminantes, alimentos transxénicos, novas técnicas de cultivo etc.

Científico Ambiental

Os licenciados en Ciencias Ambientais dedícanse a todas as actividades e problemas relacionados co ambiente, principalmente nos eidos das novas enerxías, o diagnóstico de problemas e proxectos de mellora e conservación de espazos naturais,a avaliación do impacto ambiental, a detección, a análise e o control de axentes contaminantes, a reciclaxe, o control de augas etc.

Cada día queda máis latente a preocupación das empresas e os gobernos por coidar o ambiente, a través de tratados e leis nacionais e internacionais inténtanse controlar os axentes contaminantes, os vertidos, a calidade das augas dos ríos, dos mares etc. e, polo tanto, cada vez son máis necesarios os expertos nestes ámbitos.

As principais saídas profesionais son: avaliador ambiental, director de ambiente, técnico superior en control de polución, técnico superior en tratamento de augas residuais, técnico superior en control de pragas, técnico superior na análise e control de contaminantes, consultor ambiental, formador ambiental, experto en reciclaxe, analista de riscos ambientais, consultor e asesor ambiental, consultor de novas enerxías etc.

Físico

Os licenciados en Física deben reunir tres características fundamentais: habilidade para deducir e inducir, memoria lóxica e capacidade de abstracción. Estes profesionais están capacitados para crear coñecementos orixinais vinculados ás propiedades da materia, o movemento e a enerxía.

A través de cursos de especialización, másters ou realización de segundos ciclos doutras titulacións poden especializarse noutros sectores de grande auxe, como o ambiente e a informática.

Algúns dos principais eidos de traballo son: Xeofísica, Astronomía, Astrofísica, Ciencia de Materiais, Óptica e Láseres, Fisicoquímica e Biofísica. Taméné moi importante á súa intervención en áreas tecnolóxicas e aplicadas como: Metalurxia, Electrónica e Microelectrónica, Enerxías non convencionais, Física Ambiental, Física Médica, Informática e Comunicacións.

Químico

A licenciatura en Química abrangue múltiples disciplinas proporcionándolles aos estudantes un abano moi amplo de coñecementos, que lles permite traballar en distintos sectores laborais.

As principais saídas profesionais son: dirección técnica ou xeral das empresas do sector químico, que cada vez é máis amplo, ecoloxía, agroquímica, investigación médica, enerxía, enerxías renovables, tratamento de augas etc; márketing químico; aplicacións industriais na fabricación de materias e produtos químicos e enerxéticos; industria farmacéutica; deseño e obtención de novos produtos etc.

Xeólogo

A licenciatura en Xeoloxía proporciónalle ao alumno a formación necesaria para a análise da composición e a estrutura da Terra e dos seus materiais, a súa orixe e a súa evolución temporal e para a localización de materiais (minas, petróleo...).

As saídas profesionais destes licenciados son moi diversas, moitas delas están relacionadas co ambiente, como: planificación e explotación racional dos recursos xeolóxicos, xeomineiros, enerxéticos, ambientais e de enerxías renovables; estudos e proxectos hidrolóxicos e hidroxeolóxicos, para a investigación, prospección, captación, control, explotación e xestión dos recursos hídricos; estudos oceanográficos; estudos e proxectos de situación, construción e selado de vertedoiros de residuos sólidos urbanos e depósitos de seguridade de residuos industriais e radioactivos etc.

Científico do Mar

A licenciatura en Ciencias do Mar forma os futuros científicos a través de múltiples disciplinas e mediante a metodoloxía científica para identificar e avaliar os fenómenos e procesos biolóxicos, físicos, xeolóxicos e químicos do mar. Dan solucións e medidas preventivas aos problemas ou impactos que estes xeran, ofrecendo alternativas para a explotación racional dos recursos mariños.

As principais saídas profesionais son: investigación do mar como nova fonte de enerxía; contaminación e control de calidade das augas mariñas; protección e conservación do ambiente mariño; planificación, ordenación e xestión do litoral; patoloxía, nutrición, xenética e veterinaria mariñas; tecnoloxías mariñas; produtos derivados da pesca e acuicultura e industria conserveira etc.

Biotecnólogo

A licenciatura de Biotecnoloxía forma os estudantes para conseguir a través dos organismos, compoñentes ou sistemas biolóxicos a obtención de bens e servizos.

Presenta perspectivas laborais moi boas, xa que se produciu un desenvolvemento das Biotecnoloxías moi importante, provocando unha gran demanda destes profesionais.

Algúns dos eidos nos que se introduciron as novas industrias de Biotecnoloxía son: creación de enerxías alternativas, terapia xenética, estudo do xenoma humano, creación de medios para combater a contaminación ambiental etc.

As principais saídas profesionais son: produción de enerxía a través de biomasa; estudo e investigación de seres vivos; asesor ecolóxico e auditor ambiental; microbiólogo e parasitólogo; director de control de calidade; director e técnico en xenética; director e técnico en contaminación e residuos sólidos; director e técnico en repoboacións; director e técnico en eliminación e reciclaxe de residuos etc.

Xerente

As novas industrias enerxéticas necesitan xerentes cualificados que as dirixan. Ao ser un campo novo e en continuo proceso de investigación e desenvolvemento, estes profesionais deben ser persoas dinámicas e capaces de entender estes cambios e adaptalos á empresa.

Os titulados en Administración e Dirección de Empresas, xunto a outros titulados superiores que realicen algún MBA (Master Business Administration) son os profesionais máis capacitados para dirixir estas novas empresas.

A licenciatura en Administración e Dirección de Empresas proporciónalle ao estudante unha formación axeitada nos aspectos básicos e aplicados da economía da empresa, así como da organización e dirección empresarial. Tratan aspectos xurídicos, situación e balances de empresas, custos, contabilidade..., co fin de conseguir a eficacia económica da empresa, a correcta utilización dos medios materiais e humanos e a información necesaria para a toma de decisións.

POSGRAOS

Son moitos os posgraos que se ofertan hoxe en día en relación coas enerxías renovables.

Para os titulados anteriormente descritos realizar un destes cursos de especialización pode ampliarlle de forma significativa a posibilidade de atopar emprego neste sector.

Un dos trazos máis significativos da maioría destes cursos son as prácticas en empresas, que son moi valoradas polos alumnos xa que lles permite ir adquirindo experiencia.

A continuación realizamos unha selección dalgúns dos posgraos que hai na actualidade sobre este sector:

- Máster en Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética.

- Máster en Xestión e Desenvolvemento de Enerxías Renovables.

- Máster en Sistemas de Enerxía Solar e Outras Enerxías Renovables en Edificios.

- Máster en Xeración Combinada de Electricidade, Calor, Frío e Auga.

- Máster en Sustentabilidade e Eficiencia Enerxética no Ámbito Eléctrico. Xestión e Recursos.

- Especialista Universitario en Eficiencia Enerxética.

- Especialista Universitario en Enerxías Renovables.

- Especialista Universitario en Empresas e Economía da Enerxía.

- Experto Universitario en Xestión e Desenvolvemento de Enerxías Alternativas.

- Experto en Avaliación de Impacto Ambiental e Enerxía Eólica.

- Experto en Cambio Climático, Enerxía Eólica e Contaminación Atmosférica.

7.3.2 INSTALACIÓN E MANTEMENTO

A continuación aparecen algunhas das opcións que a formación profesional ofrece para conseguir traballadores que desempeñen actividades relacionadas directa ou indirectamente coas enerxías renovables.

Titulado en Desenvolvemento e Aplicación de Proxectos de Construción

Este título de FP de grao superior está dentro da rama de Edificación e Obra Civil e forma traballadores moi necesarios no sector da construción.

A construción de edificios e casas unifamiliares ten que cumprir unhas normas de instalación de fontes de enerxía renovables, como por exemplo a colocación de placas solares e os encargados de facer os proxectos das novas construcións deben ter moi en conta estes requisitos.

Este profesional será capaz de desenvolver proxectos e supervisar a realización de planos, representar os planos de proxectos de construción, medir e valorar unidades de obras, realizar o seguimento da planificación de obra, realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller.

Pode traballar como delineante proxectista de obra civil e edificación, delineante, auxiliar técnico de obra e axudante de organización entre outras actividades.

Titulado en Desenvolvemento de Proxectos Urbanísticos e Operacións Topográficas

Esta titulación de FP de grao superior pertence á rama de Edificación e Obra Civil e forma traballadores que son aptos para participar en

traballos de campo e gabinete; desenvolver proxectos de infraestrutura; participar en traballos de planificación; participar en proxectos para reformular obras; realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller etc.

Postos de traballo nos que pode desenvolver a súa carreira profesional: axudante topógrafo, delineante proxectista de infraestruturas e urbanismo, delineante de topografía, delineante de trazados varios, auxiliar técnico de obra.

Pode facer labores máis específicos como cubicacións de obras de terra, traballos de campo, levantamentos de terra, facer separación de parcelas, nivelacións de terreos etc.

Á hora de facer un parque eólico ou solar é necesario un proxecto axeitado ás características do terreo onde se vai facer. Polo tanto estes profesionais serán moi demandados pois son necesarios para levar a cabo os ditos proxectos.

Titulado en Desenvolvemento de Produtos Electrónicos

Esta titulación de FP de grao superior pertence á rama de Electricidade e de Electrónica e forma a profesionais que poden ser demandados por moitos sectores, e as enerxías renovables non son unha excepción. Por exemplo, os procesos electrónicos son moi necesarios para o correcto funcionamento das centrais de enerxía renovable, polo que estes profesionais atopan neste sector un importante viveiro de emprego.

Os estudantes desta especialidade estarán capacitados unha vez rematados os estudos para realizar o estudo, definición, concepción e desenvolvemento de pequenas tarxetas e equipos electrónicos; organizar, xestionar e controlar a fabricación e posta a punto de prototipos electrónicos coa calidade e fiabilidade requiridas e cos custos acordados; manter equipos electrónicos profesionais, utilizando

os medios e as técnicas de mantemento adecuados, dándolles o soporte e o asesoramento necesarios aos técnicos que o demanden; realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller.

As principais saídas profesionais son: técnico en definición, análise e desenvolvemento de produtos electrónicos; proxectista electrónico; técnico en prototipos electrónicos; técnico de soporte en produción electrónica; técnico en control de calidade de produtos electrónicos; técnico de soporte e laboratorio para mantemento de equipos electrónicos industriais, de equipos electrónicos de telecomunicacións e de tratamento da información e de equipos electrónicos de electromedicina e de instrumentación en xeral.

Titulado en Instalacións Electrotécnicas

Dentro da rama de Electricidade e de Electrónica de grao superior está a especialidade de Instalacións Electrotécnicas que capacita o estudante para desenvolver equipos e instalacións de distribución de enerxía eléctrica en media e baixa tensión e centros de transformación; desenvolver e manter instalacións singulares no contorno dos edificios; desenvolver e manter equipos de control automático e instalacións automatizadas para vivendas e edificios; organizar, xestionar e controlar a execución e mantemento das instalacións electrotécnicas; realizar a administración, xestión e comercialización nunha empresa ou taller.

En calquera das centrais de enerxía renovable que existen, estes profesionais son necesarios para o correcto funcionamento dos sistemas eléctricos e para conseguir o máximo rendemento da enerxía obtida.

As principais saídas profesionais son: proxectista de liñas eléctricas de distribución de enerxía eléctrica en media e baixa tensión, de instalacións de electrificación en baixa tensión para vivendas e edificios, de instalacións singulares (antenas, telefonía, interfonía, megafonía,

seguridade e enerxía solar fotovoltaica) para vivendas e edificios, de instalacións automatizadas "domóticas" de xestión técnica para vivendas e edificios e técnico en supervisión, verificación e control de equipos e instalacións electrotécnicas.

Titulado Sistemas de Regulación e Control Automáticos

Hoxe en día son moitos os procesos nos que actúan os automatismos e o sector das enerxías renovables non é unha excepción. Polo tanto, son moitos os traballos que poden ofertarse dende este sector da enerxía.

Esta titulación de FP de grao superior pertence á rama de Electricidade e de Electrónica e capacita o estudante para desenvolver e manter sistemas automáticos para procesos secuenciais; desenvolver e manter sistemas automáticos de medida e regulación para procesos continuos; desenvolver e manter sistemas informáticos e de comunicación industrial; desenvolver e manter sistemas electrotécnicos de potencia; organizar, xestionar e controlar a construción e mantemento dos sistemas automáticos; realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller.

As principais saídas profesionais son: técnico en definición, análise e desenvolvemento de proxectos de equipos e sistemas automáticos; proxectista electrotécnico; técnico en automatización; técnico en instrumentación industrial; técnico en control de procesos; técnico en soporte de distribución; técnico en electricidade industrial; técnico en electrónica industrial; técnico en mantemento industrial; técnico en informática e comunicacións industriais; técnico en control e regulación de máquinas eléctricas.

Titulado en Construcións Metálicas

Dado que as instalacións para a explotación das enerxías renovables están formadas por estruturas metálicas, estes profesionais teñen traballo asegurado neste sector.

Esta especialidade de Construcións Metálicas pertence á rama de Fabricación Mecánica, é de grao superior e capacita o estudante para desenvolver proxectos de construcións metálicas; desenvolver procesos operacionais e organizar a produción de construcións metálicas; xestionar e supervisar os procesos de fabricación, montaxe de reparación de construcións metálicas; controlar a calidade en construcións metálicas.

As principais saídas profesionais son: delineante proxectista de construcións metálicas e de ferramentas de construcións metálicas; xefe de taller; técnico en procesos de fabricación, montaxe e reparacións de construcións metálicas e de soldadura; xefe de montaxe e reparación de construcións metálicas; inspector de soldadura e de calidade.

Titulado en Desenvolvemento de Proxectos Mecánicos

Na rama de Fabricación Mecánica de grao superior está a especialidade de Desenvolvemento de Proxectos Mecánicos que capacita o estudante para desenvolver proxectos de matrices, moldes e ferramentas para o proceso de fabricación mecánica; desenvolver produtos de fabricación mecánica; establecer a automatización do produto desenvolvido en fabricación mecánica; xestionar a calidade do produto en fabricación mecánica.

Estes profesionais poden ser necesarios para o deseño e fabricación de pezas utilizadas para o correcto funcionamento das centrais enerxéticas ou dos sistemas de obtención de enerxía.

As principais saídas profesionais son: técnico de desenvolvemento de produtos de fabricación mecánica, técnico de CAD, delineante proxectista, técnico de xestión de calidade do produto en industrias de fabricación mecánica, técnico en desenvolvemento de matrices, técnico en desenvolvemento de moldes e técnico en desenvolvemento de utilidades.

Titulado en Produción por Fundición e Pulvimetalurxia

As enerxías renovables e as súas instalacións de produción necesitan profesionais relacionados con esta rama para levar a cabo procesos de mantemento e mellora. Son moitas as reparacións que ao longo dos anos teñen que facerse e estes traballadores son indispensables para o correcto funcionamento das instalacións.

Dentro da rama de Fabricación Mecánica de grao superior está a especialidade de Produción por Fundición e Pulvimetalurxia que capacita o estudante para: desenvolver procesos operacionais de fundición e pulvimetalurxia; desenvolver a programación de sistemas automatizados de fundición e pulvimetalurxia; programar e controlar a produción en fabricación mecánica; xestionar e supervisar a produción en fabricación mecánica; controlar a calidade en fabricación mecánica.

As principais saídas profesionais son: técnico en procesos de fundición e pulvimetalurxia, técnico en planificación da produción, técnico en métodos e tempos, técnico en control de calidade, técnico de programación de máquinas e sistemas, xefe de taller; construción de vehículos automóbiles e as súas pezas, de material de transporte, de barcos etc.

Titulado en Produción por Mecanizaxe

Dentro da rama de Fabricación Mecánica de grao superior está a especialidade de Produción por Mecanizaxe que capacita o estudante para desenvolver procesos operacionais de mecanizado, conformado e montaxe; desenvolver a programación de sistemas automatizados de mecanizaxe, conformado e montaxe; programar e controlar a produción en fabricación mecánica; xestionar e super-visar a produción en fabricación mecánica; controlar a calidade en fabricación mecánica. Polo tanto, están cualificados para levar a cabo labores de montaxe dos sistemas de mecanizaxe das centrais de enerxía renovable.

As principais saídas profesionais son: técnico en procesos de mecanizaxe por arranque de labra e/ou mecanizaxes especiais (electroerosión, plasma...), técnico en procesos de conformado, técnico en montaxe; técnico en planificación da produción, técnico en métodos e tempos, técnico en control de calidade, técnico de programación de máquinas e sistemas, xefe de taller.

Titulado en Administración de Sistemas Informáticos

Esta especialidade de grao superior pertence á rama de Informática e forma a profesionais que son necesarios para controlar os sistemas informáticos das centrais de enerxías renovables ou as instalacións que estas teñen.

Algunhas das competencias profesionais que poden desenvolver son: implantar e administrar sistemas informáticos en contornos monousuario e multiususario; implantar e administrar redes locais e xestionar a conexión do sistema informático a redes extensas; implantar e facilitar a utilización de paquetes informáticos de propósito xeral e aplicacións específicas; propoñer e coordinar cambios para mellorar a explotación do sistema e as aplicacións.

Postos de traballo que pode desempeñar: técnico en mantemento de sistemas informáticos en contornos monousuario e multiusuario; xefe de explotación de sistemas informáticos en pequenas e me-dianas empresas; administrador de redes de área local; técnico en información e asesoramento en sistemas e aplicacións informáticas; asesor de sistemas informáticos, funcións de servizo técnico, instalación, mantemento, explotación e soporte técnico ao usuario. Exercen as súas funcións en empresas de distintos sectores económicos e das enerxías renovables, dentro do departamento de informática ou proceso de datos e do departamento técnico. Tamén en empresas de servizos informáticos, na área de servizos ás empresas.

Titulado en Desenvolvemento de Aplicacións Infomáticas

Esta especialidade de FP de grao superior pertence á rama de Informática e forma profesionais necesarios para facer labores de mantemento e deseño de sistemas informáticos tan necesarios no sector das enerxías renovables.

Este profesional será capaz de implantar e administrar sistemas informáticos en contornos monousuario e multiususario; implantar e administrar redes locais e xestionar a conexión do sistema informático a redes extensas; implantar e facilitar a utilización de paquetes informáticos de propósito xeral e aplicacións específicas; propoñer e coordinar cambios para mellorar a explotación do sistema e as aplicacións.

Son moitos os postos onde pode desenvolver a súa carreira profesional, algunhas das opcións máis factibles son: técnico en mantemento de sistemas informáticos en contornos monousuario e multiusuario; xefe de explotación de sistemas informáticos en pequenas e medianas empresas; administrador de redes de área local; técnico en información e asesoramento en sistemas e aplicacións informáticas; asesor de sistemas informáticos. O seu traballo se sitúa fundamentalmente nas funcións de servizo técnico, instalación, mantemento, explotación e soporte técnico. Pode exercer as súas funcións en empresas de distintos sectores dentro do departamento de informática, de proceso de datos ou no departamento técnico.

Titulado en Química Ambiental

Na rama de Química está a especialidade de Química Ambiental que é un título de FP de grao superior e capacita os estudantes para: organizar e xestionar os medios e medidas de protección química ambiental, controlar as emisións á atmosfera, controlar os residuos sólidos, controlar o tratamento de augas residuais e cumprir as normas de seguridade no traballo químico e controlar a hixiene química ambiental.

Estes traballadores teñen como obxectivo principal analizar e protexer o ambiente que nos rodea, polo que son moi demandados no sector das enerxías renovables.

As principais saídas profesionais son: analista de auga en labora-torios; encargado de recuperación en industria papeleira; seguridade ambiental en fabricación,depuración de augas urbanas, industriais e residuais; control de contaminación (emisións á atmosfera, ruído e vibracións); reciclaxe, tratamento e control de residuos urbanos, industriais e agrícolas.

Titulado en Saúde Ambiental

Este título pertence á rama de Sanidade e é de grao superior. Os seus contidos céntranse en augas de uso e consumo, contaminación atmosférica, produtos químicos e sectores de interese en saúde pública, residuos sólidos e medio construído, control e vixilancia da contaminación de alimentos etc.

As principais saídas laborais son administrar e xestionar unha unidade de saúde ambiental; identificar, controlar e vixiar os riscos para a saúde da poboación xeral asociados ao uso da auga, ao aire e ás distintas fontes de enerxía, aos produtos químicos, aos residuos sólidos e de medio construído e á contaminación dos alimentos; fomentar a saúde das persoas mediante actividades de educación ambiental.

Estes profesionais poden ser requiridos para facer estudos sobre o impacto ambiental das centrais de enerxía renovable. Aínda que son coñecidas como enerxías limpas ou ecolóxicas son moitos os efectos derivados destas instalacións sobre o ecosistema, e estes profesionais poden estudalos e analizalos para así conseguir un menor prexuízo ambiental.

Titulado en Mergullo de Media Profundidade

Esta especialidade de FP de grao medio pertence á rama de actividades Marítimo-Pesqueiras e é a encargada de formar persoal capacitado para realizar inmersións seguras de intervención e manexar/manter equipos e instalacións hiperbáricas simples; efectuar traballos subacuáticos elementais de corte e soldadura con métodos básicos convencionais, de obras hidráulicas e explosivos e de reparación a flote e rescates; realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller e, en resumo, facer calquera tipo de traballo no medio acuático.

Este tipo de traballador é moi útil para levar a cabo labores de revisión e mantemento nas estruturas das centrais enerxéticas que están na auga. Debido ao crecemento deste tipo de centrais e que os labores de mantemento cos anos de emprego son cada vez máis habituais, serán profesionais moi demandados.

As principais saídas profesionais son: mergullador, soldador subacuático, operador especialista en obras hidráulicas, operador especialista en explosivos, operador especialista en cámara hiperbárica, operador de campá de inmersión, técnico en instalacións hiperbáricas, operador especialista en reportaxes gráficas, técnico de ensaios non destrutivos.

Titulado en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural

Esta é unha titulación de FP de grao medio que pertence á rama de Actividade Agrarias.

Esta profesión está moi relacionada coas enerxías renovables e o desenvolvemento sustentable xa que traballan directamente cos recursos naturais do noso planeta. Unha boa conservación do noso contorno natural fomentará a aplicación das enerxías renovables en substitución das enerxías contaminantes.

Este profesional ten capacidade para organizar e xestionar unha explotación familiar agraria; preparar, manexar e manter en uso as instalacións, maquinaria e equipos da explotación agraria; realizar os procesos e traballos necesarios para a obtención de produtos forestais, explotándoos racionalmente; realizar os labores/operacións de reprodución, propagación e produción de plantas en viveiro; realizar os procesos e traballos necesarios para a implantación de árbores e arbustos no monte, así como os de mantemento, conservación, inventario e defensa das masas forestais; realizar os labores de control e vixilancia do medio natural e das actividades de uso público dos espazos naturais.

Pode traballar como rozador, maquinista forestal, silvicultor, repoboador, viveirista, axente forestal, axente de ambiente, bombeiro forestal, colaborador de espazos cinexéticos e piscifactorías, colaborador en centros de interpretación da natureza e de educación ambiental.

Titulado en Explotacións Agrarias Extensivas

O sector agrario, nos últimos anos, aprendeu a beneficiarse das enerxías renovables adaptando as súas actividades ás vantaxes que estas poden ofrecerlles. Grazas a este novo pulo pode dicirse que este sector ten un presente e un futuro inmediato con moitas posibilidades laborais.

Esta e unha especialidade da rama de Actividades Agrarias de FP de grao medio e capacita para organizar e xestionar unha explotación familiar agraria; preparar, manexar e manter en uso as instalacións, maquinaria e equipos da explotación agraria; realizar os labores/operacións de cultivo en explotacións extensivas de cultivos herbáceos; realizar os labores/operacións de cultivo en explotacións extensivas de cultivos arbóreos e arbustivos; realizar as operacións de control fitosanitario, preservando o ambiente e a sanidade dos alimentos; realizar operacións de manexo racional do gando; realizar operacións de produción do gando para leite, carne, la e aproveitamentos apícolas en explotacións de cultivos extensivos etc.

Postos de traballo que pode desempeñar: xefe de explotacións agrarias; tractorista no sector agrario; encargado de explotacións de secaño e de regadío; maquinista de equipos agrícolas; controlador de pragas; capataz de rego; xefe de taller rural; xefe de almacén de produtos agrícolas; xerente de cooperativas de produción; xerente de sociedades agrarias de transformación ou outras asociacións de produtores.

Titulado en Explotacións Agrarias Intensivas

Ao igual que no caso das explotacións agrarias extensivas, as novas fontes de enerxía conseguiron un rexurdimento destas actividades.

Unha vez rematado este título de FP de grao medio estarase capacitado para organizar e xestionar unha explotación familiar agraria; preparar, manexar e manter en uso as instalacións, maquinarias e equipos da explotación agraria; realizar os labores/operacións de reprodución, propagación e produción de plantas en viveiro; realizar as operacións en cultivos herbáceos intensivos; realizar as operacións de cultivo en froiteiros e cítricos; realizar operacións de control fitosanitario, preservando o ambiente e a sanidade dos alimentos.

Postos de traballo nos que pode conseguir emprego: xefe de explotación agraria, encargado de explotación de secaño e de regadío, maquinista de equipos agrícolas, controlador de pragas ou aplicador de fitosanitarios, traballos como horticultor, fruticultor, plantando sementes, traballador nun viveiro, floricultor, capataz de rego, xefe de almacén de produtos agrícolas, xerente de cooperativas de produción, xerente de sociedades agrarias de transformación ou outras asociacións de produtores etc.

Titulado en Explotacións Gandeiras

Ás explotacións gandeiras poden sacárselles ademais do rendemento tradicional, un rendemento extra á hora de empregar os residuos que os animais producen para convertelos en enerxía renovable. Canto maiores

sexan os avances neste tipo de aproveitamento enerxético maiores serán os beneficios destas explotacións e polo tanto máis postos de traballo se crearán.

Este título de FP de grao medio capacita para organizar e xestionar unha explotación familiar agraria; preparar, manexar e manter en uso as instalacións, maquinaria e equipos da explotación agraria; realizar as operacións de produción de animais para leite, carne, la e avicultura; realizar as operacións de manexo racional do gando; realizar operacións de produción e coidado de animais de laboratorio; realizar operacións de ferraxe, doma e coidados básicos do cabalo e outros animais etc.

Postos de traballo nos que pode conseguir emprego: gandeiro de vacún de leite e carne, gandeiro de ovino e caprino, gandeiro de porcino, criador/coidador de cabalos, ferrador, encargado de explotacións gandeiras, traballador de consulta clínica veterinaria e traballador cualificado en animais de experimentación.

Titulado en Obras de Albanelería

Para conseguir un bo aforro enerxético é moi importante conseguir que as vivendas estean moi ben illadas, logrando un menor consumo de calefacción e polo tanto un beneficio ambiental e económico. Por iso, é moi importante un bo traballo de illamento nas edificacións, tanto actuais como vellas.

Esta titulación de FP de grao medio pertencente á rama de Edificación e Obra Civil e forma traballadores que serán capaces de organizar os traballos de obras de albanelería; construción de cubertas e coberturas; realizar revestimentos continuos conglomerados; realizar obras de impermeabilización; construír instalacións de canalizacións de fluídos sen presión en condicións de seguridade e calidade; comprobar e dispoñer os medios de seguridade previstos no plan da obra; realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller.

Postos de traballo que pode desempeñar: capataz de obra, técnico de seguridade e hixiene, albanel, instalador de material illante, escaiolista, revocador, instalador de tubaxes, montador de estadas.

Titulado en Equipos e Instalacións Electrotécnicas

Toda instalación de enerxía renovable necesita administrar a enerxía eléctrica que xera, podendo ser estes profesionais os encargados de que todas as instalacións electrotécnicas funcionen do xeito máis eficiente posible, para así sacarlle o máximo rendemento.

Esta titulación de FP de grao medio pertence á rama de Electricidade e de Electrónica e forma profesionais que son capaces de construír, explotar e manter liñas e instalacións de distribución de enerxía eléctrica en media e baixa tensión e centros de transformación; construír, explotar e manter instalacións singulares e de automatización de edificios; realizar a construción de equipos electrotécnicos de distribución de enerxía eléctrica, así como para a protección e o control de máquinas eléctricas; construír, manter e ensaiar máquinas eléctricas, estáticas e rotativas; realizar o mantemento preventivo e correctivo das instalacións do seu ámbito; realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller.

Postos de traballo que pode desempeñar: instalador de liñas eléctricas, montador de centros de produción, electricista xeral, instalador electricista de edificios, electricista industrial, montador de cadros eléctricos e instalador electrónico de edificios.

Titulado en Soldadura e Caldeirería

Esta titulación de FP é de grao medio e pertence á rama de Fabricación Mecánica. Os profesionais que se forman nestes estudos son capaces de trazar, cortar, mecanizar e conformar chapas, perfís e tubos para construcións metálicas; unir por soldadura pezas e conxuntos para

fabricar, montar ou reparar construcións metálicas; montar elementos e subconxuntos de construcións metálicas; realizar operacións de control de calidade na construción metálica; realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller.

Postos de traballo que pode desempeñar: montador de tubaxes, montador de produtos metálicos estruturais, trazador, reparador de estruturas de aceiro en taller e obra, carpinteiro metálico, soldador, caldeireiro.

Estes traballadores poden ser demandados para traballos de mantemento ou de prefabricación de pezas, tubaxes... que compoñen as estruturas das centrais enerxéticas ou das instalacións de calefacción dos edificios, das casas unifamiliares e dos complexos deportivos.

Titulado en Montaxe e Mantemento de Instalacións de Frío, Climatización e Produción de Calor

Esta titulación pertence á rama de Mantemento e Servizos á Produción e é de grao medio, forma traballadores esenciais para o bo mantemento das instalacións de calefacción e refrixeración. Canto máis se optimicen os recursos e menos enerxía consuman máis beneficiosas serán para o ambiente e para o noso peto.

Este profesional será capaz de montar e manter instalacións de refrixeración comercial e industrial; montar e manter instalacións de climatización e ventilación; montar e manter instalacións de produción de calor; montar e manter redes de auga e de gases combustibles; realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller.

Postos de traballo que pode desempeñar: instalador/mantedor de instalacións de calefacción e auga quente sanitaria; instalador/mantedor de instalacións de calefacción e climatización; instalador de gas; mantedor de instalacións auxiliares á produción; mantedor de instalacións de proceso.

Titulado en Operacións de Proceso de Planta Química

Todo proceso químico pode ter como consecuencia secundaria un prexuízo para o medio, por iso necesítanse traballadores que controlen a seguridade destes para que sexan o menos nocivos posibles.

Esta titulación de FP é de grao medio, pertence á rama de Química e forma a profesionais cuxas capacidades son: preparar e ensaiar materias químicas; preparar instalacións e operar servizos auxiliares para o proceso químico; realizar operacións de proceso químico; controlar o proceso químico; actuar baixo normas de correcta fabricación, de seguridade e ambientais (esta é unha das capacidades máis demandadas).

Postos de traballo que pode desempeñar: operador de planta química, operador de campo, operador de caldeiras, operador de fornos, operador de destilación, operador de mesturas, operador de secado, operador de preparación de materias primas, operador de polimerización, operador de panel e operador de control.

CURSOS DE FORMACIÓN

O incremento do peso específico das enerxías renovables dentro do panorama enerxético nacional leva aparellado un crecemento considerable da actividade empresarial neste sector e, polo tanto, un aumento significativo dos postos de traballo.

A crecente demanda de persoal especializado por parte destas empresas, tanto para a xestión como para o mantemento, fai que o número de cursos e estudos sobre este sector se multiplique.

Estes cursos son de diferente duración e de carácter moi diverso, poden ser presenciais, semipresenciais ou a distancia.

Moitos destes cursos teñen prácticas reais en empresas que traballan no sector das enerxías renovables, o que facilita o proceso de conseguir traballo, pois a experiencia é un dos requisitos máis valorados á hora de facer unha selección de persoal.

Facer un curso deste tipo é unha opción moi útil para a xente nova que quere ingresar no mercado laboral, para os traballadores que queren cambiar de traballo ou para os traballadores do sector que queren completar a súa formación.

Algúns destes cursos que se ofertan na actualidade son:

- Experto en Enerxía Solar e Eólica.

- Técnico Instalador de Enerxía Solar e Fotovoltaica.

- Técnico en Enerxías Renovables.

- Técnico Superior en Instalación e Mantemento de Sistemas de Enerxía Solar Térmica.

- Curso de Introdución ás Enerxías Renovables.

- Curso en Sistemas Enerxéticos.

- Curso Superior en Enerxías Renovables e Mercado Enerxético.

- Curso de Especialización en Enerxías Renovables e Desenvolvemento Sustentable.

- Técnico en Enerxía Eólica.

- Técnico en Enerxía Solar Térmica.

- Curso de Planificación de Enerxías Alternativas.

- Curso de Sensibilización Ambiental.

- Curso de Outras Formas de Enerxía Renovable.

- Curso de Especialización en Aspectos Ambientais da Enerxía.

- Instalador de Enerxía Solar Térmica.

- Experto en Cambio Climático, Enerxía Eólica e Contaminación Atmosférica.

- Curso de Enerxía Solar-Proxectista Instalador.

- Curso Superior de Aforro e Eficiencia Enerxética.

- Curso de Enerxía solar térmica. Aplicacións e cálculo de instalacións.

- Curso en Sistemas de Xestión Ambiental. A Nova ISO 14001: 2004.

- Curso de Especialista en Análise, Tratamento e Reutilización de Augas Residuais.

- Auditor Interno en Sistemas de Xestión Ambiental e Calidade polas Normas ISO 14001 e 9001.